REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº79_Febreiro-Marzo 2010

Rede para quen non a ten

PLAN DE BANDA LARGA DA XUNTA

TECNOCOM INFORMA

Software de primeira dende Galicia

ORGULLOSOS DO QUE SOMOS

Cultura galega en liña

A INTERNET QUE SE VE

De novo Xuventude Galicia Net

Proxecto Comercio TEC: Na procura da cibertenda

UNA VISIÓN INNOVADORA SOBRE LOS CENTROS DE DATOS

A partir de hoy, convergencia es mucho más que un nuevo concepto

En los últimos años, el presupuesto de TI se ha dedicado en un 70% a mantener la tecnología actual, y tan sólo el 30% de ese presupuesto a innovación. La nueva Infraestructura Convergente de HP permite cambiar este ratio, consiguiendo dedicar el 70% a inversión y sólo el 30% a gastos de operaciones y mantenimiento.

¿Quiere liberar el enorme potencial de sus sistemas de TI? Ahora es el momento. Las nuevas soluciones de Infraestructura Convergente de HP le permiten llevar a cabo una transición de modo rápido y sencillo desde tecnologías silos centradas en productos a infraestructuras altamente flexibles y convergentes capaces de ajustarse inmediatamente a las dinámicas y cambiantes necesidades de negocio, desplegando cualquier aplicación, en cualquier lugar y en cualquier momento. La Infraestructura Convergente de HP le permitirá:

- Transformar las TI en un motor para la innovación empresarial
- Detener la proliferación de silos de TI para trabajar de forma integrada
- Optimizar los recursos de TI para satisfacer la demanda del negocio

Tecnología para mejorar los Resultados de Negocio

Descubra cómo HP ayuda a las empresas a liberar el verdadero potencial de las TI y conseguir los mejores resultados de negocio en **www.hp.com/go/ci**

Copyright © 2009 Hewlett-Packard Development Company, L.P.

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTORES-XEFES_
Fernando Sarasquete_redaccion@codigocero.com
Carlos Lozano_cuetorubio@yahoo.es
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
NÚMERO 79_Febreiro-Marzo 2010
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

Neste número...

Tense dito moitas veces iso de que estamos nun intre decisivo para a nosa terra nas redes da información, e probablemente en todas as ocasións en que se dixo había moito de verdade. De feito, no tema de traballar para que o coñecemento chegue a todas/os a través das redes dixitais non tería moito sentido falar de algo que non fose decisivo. En xogo está, aínda que pareza mentira, a preservación dunha boa parte da nosa cultura e, tamén, estar en igualdade de condicións, económica, social e informativamente falando, co resto dos pobos. A lingua, sabémolo todos, non o ten doado, e máis cando a vertente uniformadora diso que se chama globalización semella querer impoñer a mesma música para todos. Se pode loitar contra isto fóra das canles polas que chega a globalización? Probablemente non, e para quen queira sabelo xa hai unha boa cantidade de internautas galegos enriquecendo a Rede enteira co que lles é propio. Algo semellante ocorre coas nosas opcións de medre social, económico e produtivo. Até cando nos vai ir ben dende a nosa pequena ou mediana empresa sen ter páxina web? Canto tempo poderemos resistir sen enviar un correo electrónico aos nosos clientes? Que pasará cando eles así o queiran e nós non saibamos concedérllelo? Non estarán no seu dereito se buscan outra empresa que estea en disposición de satisfacer as súas demandas comunicativas?

Chegados a este punto cómpre volver botar man doutra desas frases que sempre abrolla cando se fala do afianzamento das redes na nosa terra e á que tampouco lle falta o seu alicerce de verdade: queda moito por facer. Que haxa unha boa cantidade de internautas galegos abríndose camiño na Sociedade da Información dende o punto de vista cultural, social ou económico non quere dicir que esteamos todas/os. De feito é probable que os que están sexa menos que os que non están. Disto e de moitas cousas máis polo estilo falamos nas páxinas anteriores da revista, onde poderemos ver que hai movemento a prol do dixital dende tódalas frontes galegas: dende os blogs e webs particulares, dende os sitios privados das empresas, dende os foros e as comunidades e dende as institucións locais, provinciais e autonómicas (como por exemplo o Plan de Banda Larga da Xunta para levar redes de alta capacidade ao meirande número de recantos da nosa xeografía).

SUMARIO 79

SINATURA CONVIDADA

5 Rafael Valcarce, presidente do Clúster TIC de Galicia, fálanos dos seus obxectivos á fronte da alianza tecnolóxico-dixital

REPORTAXES

8 Chegan dúas xuntanzas en liña: Xuventude Galicia Net e Sobroso Party
12 Sigojoven achéganos consellos para tirarlle partido á Rede dende a terceira idade
13 Marcelino Fernández Mallo sácalle partido á Rede de cada día no seu blog, A Trenza
14 A comunidade de galegos na emigración Fillos.org busca axuda entre os non emigrantes
15 O Colexio de Arquitectos de Galicia propón impulsar as licenzas dixitais

16 Así-Red pon en marcha unha central de reservas turísticas libres de comisións

17 Ineo e Caixanova levan a Rede ao comercio
18 Investigadores novos galegos traballan para mellorar o Google Earth
26 O Goberno galego pule as súas ferramentas en liña
28 Escolmamos o máis salientable do mes no que a innovación dixital galega se refire
30 Damos conta de exemplos recente de dinamismo da nosa cultura na Rede
32 Centro Social Caixanova de Santiago: de sede bancaria a centro TIC
33 Amosan en Barcelona o futuro dos móbiles
34 A UDC aposta polos blogs como ferramenta de ensino
36 Xandre: un conto en liña galego, adaptable e accesible

PLAN DE BANDA LARGA

19 A Xunta conta cun orzamento de 232 millóns de euros para levar redes a tódolos os galegos
20 O plan da Xunta identifica os emprazamentos galegos máis necesitados de banda larga
22 Os servizos públicos de calidade perigan por mor da ausencia de redes de calidade
24 As provincias de Lugo e Ourense, as máis deficitarias
25 Máis Rede para afianzar produtividade e competitividade, de Belén Ferreiro

REPASO A TECNOCOM

10 A empresa con capital galego lidera a achega de servizos TIC dende o seu centro de I+D da Coruña
11 Entrevistamos a Santiago Cárdenas, director rexional de Tecnocom Galicia

XOGOS

37 Repasamos o máis salientable da tempada no eido das videoconsolas

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Estes e outros anunciantes

xa confiaron en Código Cero.

Confía ti tamén, anuncia a túa empresa!

Contacta con nós no 981 530 268 ou en publicidade@codigocero.com

O SECTOR TIC, GALICIA E O CLÚSTER

RAFAEL VALCARCE BAIGET

RECENTEMENTE NOMEADO PRESIDENTE DO NOSO CLÚSTER TIC, EXPLÍCANOS BREVEMENTE OS RETOS DO TECIDO PRODUTIVO TECNOLÓXICO-DIXITAL DA NOSA TERRA

Cando o sector económico, financeiro, industrial e social están en precario, non debera ser optimista. Pero vou selo, porque temos máis valor ca outras comunidades autónomas nos sectores relacionados coas telecomunicacións.

Galicia sabe de temporais, forxouse de longo na adversidade do fisterra e unha emigración por obriga. Temos que agardar a que escampe, pero preparándonos sen acougo para cando teñamos que pórnos a competir, novamente.

Pertencemos a un sector, o das telecomunicacións e a información, que pode ser o detonante dun novo modelo produtivo, máis integrado na tecnoloxía, máis estable e con máis valor engadido.

Un sector que en Galicia está ben complementado entre empresas industriais, de servizo, operadores, consultoras, software, universidades, asociacións e administracións públicas. E todos, en maior ou menor medida, motivados e proactivos a prol da dinamización do sector. Este valor que non todas as comunidades autónomas teñen debemos explotalo e tirarlle proveito para diminuír a famosa fenda dixital. Fenda dixital é real. E que en liñas xerais reflicte que hai unha serie de medidas e valores que manifestan que este país, Galicia, non emprega de xeito masivo o potencial das telecomunicacións; nin a sociedade civil, nin a administrativa, nin o tecido empresarial. Nin o poder xudicial.

Isto provoca que a maioría das empresas, sobre todo as pequenas, procuren mercado fóra de Galicia. A administración pública e as grandes empresas son tractoras do sector e deberan empregar máis decote as pequenas e medianas emprazadas en Galicia. Cómpre favorecer o coñecemento entre elas. E as institucións que nos representan estarían dalgunha maneira na obriga de propiciar a contratación deste tipo de empresas. Atópanse tan capacitadas tecnoloxicamente coma as de meirande tamaño, e se teñen algún déficit este sería a falta de recursos financeiros.

Un último apunte referido á industria. Hai traballos e estudos moi interesantes que manteñen que un país, por moito que invista en Investigación e Desenvolvemento (I+D), en innovación e en formación, se non ten unha industria local asentada que a aplique, está condenado á deslocalización e ao fracaso social.

Campaña de formación na Factura electrónica

Rapidez e eficacia ao servizo do cidadán

XUNTA DE GALICIA

Que é a factura electrónica?

A factura electrónica é un equivalente da factura en papel e consiste na transmisión das facturas ou documentos análogos entre emisor e receptor por medios electrónicos e telemáticos.

A facturación electrónica permite ás empresas conseguir importantes vantaxes:

1. Aforra custos e tempos de xestión.
2. Mellora o servizo.
3. Posibilita a integración coas aplicacións de xestión internas da empresa e polo tanto a reutilización dos datos de facturación.
4. Ofrece mellores condicións de seguridade e confidencialidade.
5. Permite a obtención da información en tempo real.
6. Axiliza os fluxos de transaccións.

Un novo portal electrónico: rapidez e eficacia ao servizo do cidadán

Un novo portal electrónico implantado pola Xunta de Galicia destinado non só á propia Administración, senón tamén ás empresas provedoras, que poderán rexistrar as facturas dun xeito telemático. Isto supón unha estratexia de modernización que simplificará trámites e aforrará custos e co obxectivo, por parte da Administración, do pago das facturas nun máximo de 45 días.

www.conselleriadefacenda.es/factura

Campaña de formación

Co fin de ofrecer ás empresas da nosa comunidade autónoma unha visión clara, práctica e tanxible sobre a facturación electrónica, a Consellería de Facenda pon en marcha 14 seminarios impartidos por expertos para que as nosas empresas coñezan a plataforma e poidan acometer o seu propio proxecto de facturación electrónica.

Explicaranse todos os aspectos relacionados coas vantaxes da adopción da factura electrónica e os pasos a seguir para facelo da forma máis simple posible; ademais de resolver todas as dúbidas que esta formula no ámbito operativo e no tecnolóxico. Exporanse tamén as vantaxes que supón utilizar estes procedementos e as distintas solucións existentes para automatizar tanto a emisión como a recepción das facturas electrónicas.

Programa:

- Visión práctica da factura electrónica: a realidade de poñer en marcha un proxecto de factura electrónica na administración.
- Como enfocar un proxecto de facturación telemática nunha comunidade.
- Plataforma de facturación telemática da Xunta de Galicia: e-factura.
- A sinatura electrónica na factura electrónica.

A quen van dirixidos:

- Directores financeiros.
- Responsables de facturación.
- Directores administrativos.
- Asesores xurídicos.
- Responsables de informática e novas tecnoloxías.
- Xestores administrativos.
- Autónomos.

Calendario

A Coruña	**16/03/10**	Confederación de Empresarios	10:00-14:00	Francisco Vales Villamarín, 24
A Coruña	**22/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	Mendaña de Neira, 3 (Recinto Ferial)
Santiago	**15/03/10**	Confederación de Empresarios	10:00-14:00	Rúa Vilar, 54
Santiago	**24/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	Polígono de Costa Vella. Rúa da República Checa, 40
Ferrol	**16/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	A Malata, s/n
Lugo	**18/03/10**	Confederación de Empresarios	10:00-14:00	Manuel Murguía, 6
Lugo	**23/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	FORCAM- Rúa Cantigas e Frores, 31
Ourense	**15/03/10**	Confederación de Empresarios	10:00-14:00	Praza das Damas, 1
Ourense	**24/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	Avda. de Habana, 30 bis
Pontevedra	**23/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	Xardíns Vicenti, Edf. As Palmeiras, 4-2º
Vigo	**17/03/10**	Confederación de Empresarios	10:00-14:00	Avda. García Barbón, 104
Vigo	**22/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	República Argentina, 18 A
Vilagarcía	**17/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	Doutor Tourón, 46
Tui	**18/03/10**	Cámara de Comercio	16:00-20:00	Augusto González Besada, 15

Inscricións

Ana Díaz | Telf.: 981 555 291 | e-mail: adiaz@nortideas.com

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

XACOBEO 2010
Galicia

Rede con coñecemento

Aberta a preinscrición á 11ª edición de Xuventude Galicia Net, que se celebra entre os días 26 e 28 de marzo

Redacción

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza un ano máis o encontro Xuventude Galicia Net (www.xuventude-galicia.net), chegando así á súa 11ª edición, que se vai desenvolver entre os días 26 e 28 de marzo, retomando coma sede o Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela.

O prazo de preinscrición para o evento xa está aberto na súa páxina web, e unha vez comezado o proceso de inscrición oficial, os asistentes interesados recibirán información sobre o pagamento das taxas para poder participar no evento (40 euros, susceptibles dunha rebaixa do 25% para usuarios do Carné Xove) que combinará xogos en rede (con torneos), intercambios de experiencias, obradoiros (que este ano tamén estarán abertos a persoas que non estean inscritas nesta LAN Party), concursos… funcionando coma un encontro no que o contacto humano é chave para afondar no mundo da informática, as TIC e o software libre, a fotografía e o vídeo dixital e outras actividades.

A XGN é o que se ven denominando unha *'LAN party'* (Local Area Network Party). Isto é, un encontro que reúne a un grupo de persoas cos seus propios ordenadores, para que se poidan conectar entre eles mediante unha rede local. En toda a súa traxectoria durante estes 11 anos, a XGN evolucionou ata converterse nun evento que vai alén dunha simple conexión ultrarápida a internet, *"é un espazo de encontro xuvenil, de formación, de iniciación ao mundo dixital, e en definitiva, un marco ideal para a aprendizaxe e o intercambio de datos e experiencias"*, sinalan os responsables do encontro na súa páxina web. E engaden: *"Unha plataforma ideal para dar a coñecer os últimos avances tecnolóxicos, e por suposto, para a potenciación do software libre"*.

Unha das grandes novidades desta undécima edición é a apertura de portas aos obradoiros. Deste xeito poderán participar neles todos as persoas que estean interesadas en asistir, e non só os usuarios inscritos do evento. O que se pretende a través da XGN é formar e achegar ao mundo das novas tecnoloxías e as últimas novidades.

▲ **Ollada a XGN achegada por Shunsui no Flickr**

A Sobroso Party chega á súa sétima edición con capacidade para 300 internautas

O mes de marzo vén completiño no que a xuntanzas informáticas para a mocidade se refire. Se neste mesmo medio informamos de Xuventude Galicia Net e da apertura do seu proceso de inscrición, agora toca facelo dunha party menos encamiñada a xuntar multitudes pero en termos cualitativos igual de salientable polo que ten de afianzamento da comunicación arredor da informática e os seus segredos. Estamos a falar da Sobroso Party de Ponteareas, un evento que este ano vai pola súa sétima edición (que en termos de Rede é unha longa experiencia) e que ofrecerá entre os días 26 e 28 de marzo todo tipo de actividades e recursos para que á mocidade deste concello pontevedrés e do resto de Galicia non lle quede ningún detalle da sociedade dixital por descubrir. A xuntanza, que ten un prezo de 18 e 12 euros (adultos e menores de idade), desenvólvese este ano co obxectivo de reunir a uns 300 participantes. Segundo informan os organizadores do encontro informático (os responsables do Departamento de Informática e Comunicación do Concello de Ponteareas), non haberá límite de idade para concorrer activamente na party.

> **"O mes de marzo vén completiño de xuntanzas informáticas**

O prezo inclúe:

- Un posto na sala de ordenadores con conexión eléctrica e de rede.
- Almorzo sábado e domingo.
- Cea Sábado.
- Chocolatada.
- Refrescos e auga mineral durante as 48h.
- Camiseta Oficial da Sobrosoparty.
- Participación nos concursos, relatorios e sorteos.

▲ **Unha vista da Sobroso Party**

Por certo que o prazo de inscrición para participar na xuntanza xa está aberto, e só é preciso formalizar a preinscrición e logo de recibir un correo da organización onde se dá conta dos pasos a seguir, levar a cabo o pagamento e a inscrición propiamente dita. Para calquera dúbida, os responsables da xuntanza achegan a conta info@sobrosoparty.es.

Pódese seguir a preparación do encontro na páxina do mesmo (www.sobrosoparty.es) ou ben a través das redes sociais Facebook, Twitter, e mesmo no foro oficial. Dende a organización, animan aos internautas a comentar calquera suxestión que se lles ocorra para acadar a mellor edición 2010 da Sobrosoparty posible.

Máxima proximidade

Tecnocom lidera a achega de servizos TIC en España a través do seu Centro de Excelencia na Coruña

Redacción

Tecnocom, a terceira compañía en importancia do ranking TIC de empresas con capital español, é unha firma que aos galegos nos toca ben de preto, tanto pola traxectoria que despregou ao longo destes anos como pola contribución tecnolóxica que está por vir. Por unha banda, ten sedes en Santiago, Vigo e A Coruña, onde dispón de importantes grupos de traballo de alta cualificación nun bo número de disciplinas (software, servizos de xestión e asesoramento, consultoría, posta en marcha de novas canles) e, tamén, da longa experiencia herdada de Softgal, empresa galega integrada hai catro anos ao grupo. Por outra banda, cómpre sinalar que Tecnocom está a despregar na nosa xeografía un amplo número de liñas de traballo dende o seu Centro de Excelencia na Coruña, cada unha delas unha oportunidade para o medre económico (propio e alleo) e, cada unha, acubillo para a nova mentalidade: a de que é posible superar a crise produtiva con ideas, coñecemento e innovación.

Tecnocom é unha multinacional española con presenza en Iberia e Latinoamérica que conta no eido do mercado TIC con alianzas salientables cos principais fabricantes. O equipo humano de Tecnocom en España e Portugal está integrado por máis de 5.000 persoas, todas elas espalladas por un importante número de emprazamentos, disposición que responde en boa medida ao obxectivo de pór en xogo, perante os clientes, a máxima proximidade. Tecnocom, amais do dito sobre a súa presenza na nosa terra, ten ligazóns estreitas con empresas como a Corporación Caixa Galicia, a cal dispón do 18% das súas accións.

Polo que atinxe á oferta do grupo, dicir que se centra sobre todo nas seguintes achegas:

- Solucións de negocio: proxectos e aplicacións e servizos de xestión de aplicacións.
- Solucións de tecnoloxía: integración de sistemas e de tecnoloxías e máis servizos avanzados de xestión de infraestruturas.

Tecnocom en Galicia

Como dixemos, Tecnocom integrou no seu seo en 2006 ao grupo tecnolóxico galego Softgal, posto en marcha en 1989 por Caixa Galicia e impulsado definitivamente en 2000 cunha aposta firme pola diversificación de mercados e liñas de negocio que acabou por convertelo en líder TIC da nosa comunidade en 2004. En setembro de 2006 foi adquirida por Tecnocom, integrándose tódolos seus profesionais na nova compañía e ficando Caixa Galicia como socio financeiro de referencia.

Dende entón, a Rexional Noroeste de Tecnocom, con responsabilidades operativas e comerciais sobre Galicia, León e Asturias, non parou de medrar e facéndoo sempre por enriba da liña de crecemento do sector TIC galego.

No inicio de 2010, conta con 600 empregados en Galicia, cifra que representa máis do 11% do emprego do subsector de actividades informáticas da comunidade galega.

A Rexional Noroeste ten os seguintes obxectivos:

- Consolidar a posición de líderes no mercado TIC do Noroeste de España, ampliando a carteira de clientes e achegando aos seus clientes o coñecemento e a experiencia dun grupo con presenza global.
- Producir dende os centros de Galicia para Iberia e Latam. Centro de excelencia e desenvolvemento, produción de servizos avanzados e de I+D+i de Tecnocom.
- Exercer a responsabilidade social rexional. Participar activamente nos foros e nos entes que impulsen o medre do sector TIC galego, a innovación e o xurdimento de emprego cualificado.
- Colaborar coas tres universidades galegas en formación e innovación.

O Centro de Excelencia

O Centro de Excelencia de Tecnocom na Coruña é un emprazamento estratéxico para as operacións da firma, xa que a partir dos primeiros servizos de deseño e mantemento de aplicacións a compañía foi quen de impulsar a posta en marcha de modelos corporativos de servizos de outsourcing que logo foron replicados noutros centros de Tecnocom. Amais disto, foise creando no centro un modelo de sede de competencias sobre TICs moi innovadoras, situando as instalacións galegas como un gran foco de coñecemento, con máis de 300 profesionais que achegan os seus servizos dende este espazo. A posta en marcha do mesmo permitiulle á firma desenvolver con éxito novos modelos para a xestión e xerar emprego en etapas de medre e mantelo en épocas de crise como a destes últimos dous anos. Estes son os servizos do centro de excelencia:

- Centro de desenvolvemento de software.
- Centro de competencias eBusiness.
- Proper SAP (servizos de implantación, soporte e mantemento de aplicacións SAP a clientes de toda a Península).
- Centro de competencia SOA (produtos baseados en arquitecturas SOA para optimizar o negocio e a tecnoloxía).
- Centro de competencia multimedia (proxectos chave en

man para a integración de sistemas multimedia e audiovisuais).

Aposta pola innovación

Tecnocom mantén dende hai anos unha arela de investir en innovación, entendida dun xeito que inclúe a mellora dos procesos organizativos e de xestión e, tamén, a creación de novas liñas de negocio, servizos e/ou produtos TIC que permitan marcar claramente as diferenzas. Nesta arela, xa nun eido máis específico, sitúase a busca de modelos de organización e produción de software baseados en estándares internacionais CMMi, o que lle valeu á empresa para converterse nunha das primeiras do noso país en dispoñer desta certificación e marcar dalgún xeito o camiño a seguir por unha boa parte do noso sector TIC. Entre outros logros, Tecnocom vén de acadar neste mesmo mes de marzo de 2010 o Nivel 3 CMMi dentro da última versión do devandito modelo no eido concreto de desenvolvemento e o de servizos, o que sitúa a esta firma con capital galego entre as primeiras do mundo en dispor dun recoñecemento ao modelo de organización en todos os servizos de outsourcing. Segundo sinalan fontes da compañía, o centro galego foi un dos grandes responsables na consecución deste recoñecemento.

Tecnocom

"Galicia é unha canteira de talento"

SANTIAGO CÁRDENAS

Falamos das claves para exportar coñecemento con Santiago Cárdenas, director rexional de Tecnocom na nosa terra

"Somos un centro exportador de coñecemento"

O Clúster TIC de Galicia, afianzado tras a elección do seu presidente e comité estratéxico, conta entre os seus apoios cunha das empresas de maior peso dentro do panorama TIC estatal: a firma Tecnocom, compañía que dende as súas sedes de Santiago, A Coruña e Vigo fortalece (pola vía do software e a consultoría), os sistemas de xestión de centos de institucións e organizacións privadas. Tecnocom, membro do comité do Clúster, ten en Galicia importantes raizames: a longa experiencia adquirida a través de Softgal (integrada no grupo), o equipo de traballo despregado nas ditas sedes, o seu centro de excelencia de software na Coruña, o pulo de Caixa Galicia e a alianza investigadora coas universidades do país. Para Santiago Cárdenas, director rexional de Tecnocom na nosa terra, Galicia é sen lugar a dúbidas unha canteira de talento, un espazo idóneo para o deseño de proxectos TIC grazas á súa rede universitaria e de centros de formación. A cambio, a súa empresa ofrécenos a posibilidade de traballar no máis punteiro tirándolle partido ao mellor de dous mundos: o local e o global. De feito, sinala Cárdenas, as factorías de Tecnocom no noso país cobren estes ámbitos de xeito simultáneo e sen desequilibrio algún. "*Somos un centro exportador de coñecemento*", engade.

-Para meternos en materia e que os lectores saiban de que estamos a falar, en que tipo de servizos especializa a súa actividade de Tecnocom?

-Tecnocom é un integrador TIC de amplo espectro, con servizos de implantación de solucións de negocio, sistemas e tecnoloxías, especializado en servizos avanzados de xestión e mantemento de aplicacións e infraestruturas tecnolóxicas aplicando modelos de referencia internacional.

-Que é aquilo (material ou non) co que contan os seus clientes que non tiñan antes de procurar a experiencia de Tecnocom?

-Aquilo que nos diferenza en Tecnocom consiste en achegar maior eficacia, flexibilidade e proximidade aos clientes cás grandes compañías globais, e, con meirande potencia, capacidade, catálogo de servizos e solvencia financeira cás compañías de nicho e locais.

-Sabemos que Tecnocom ten fortes raizames en Galicia. Conta con sedes en Coruña, Vigo e Santiago e cun amplo equipo profesional procedente de Softgal, firma galega integrada ao grupo no ano 2006. Sen embargo, gustaríanos que nos explicara en que consiste a natureza destas raizames. Dito doutra maneira: que lle achega Tecnocom a Galicia e que lle dá Galicia a Tecnocom?

-Galicia é para nós unha canteira de talento e un mercado de grande interese pola tipoloxía de proxectos que aquí se levan a cabo. Ga-

Indicadores	4T 2006	4T 2007	4T 2008	4T 2009	Inc. 07/06	Inc. 08/07	Inc. 09/08
Empleo Actividades Informáticas en Galicia	5.308	6.425	6.983	5.025	21%	9%	-28%
Plantilla Gr. Tecnocom Noroeste	360	521	593	596	45%	14%	1%
% s/ empleo regional act. Informáticas	6,8%	8,1%	8,5%	11,9%	20%	5%	40%

* Fuente www.ige.eu





▲ **A empresa é a principal empregadora en actividades informáticas de Galicia**

licia produce recursos moi ben preparados no eido TIC grazas á rede universitaria e de centros de formación profesional onde se imparten as especializacións que Tecnocom require para poder achegar os seus servizos. A cambio, Tecnocom dá a posibilidade a esas persoas de desenvolver a súa carreira profesional en Galicia, realizando proxectos complexos nas empresas punteiras da nosa rexión. E grazas á nosa presenza global, ofrecémoslles esa mesma posibilidade en calquera outro punto da Península sen necesidade de mudar de organización.

Por outra banda, e aínda que o capital non sabe de nacionalidades, a participación financeira de Caixa Galicia en Tecnocom é unha ligazón que non podemos esquecer.

-Tecnocom, firma nacional con presenza en América e Europa, apareceu recentemente nun meritorio terceiro posto no ranking de empresas TIC de capital español, por detrás só de Indra e Informática El Corte Inglés e por diante de Everis e Ibermática. Cal sería o segredo do éxito nun mercado tan competitivo e cambiante?

-Temos un obxectivo fixado: ser líderes no sector TIC nacional e uns profesionais ben comprometidos na consecución deste obxectivo. Malia o noso tamaño, temos unha grande flexibilidade á hora de adaptármonos aos cambios e unha mentalidade encamiñada á mellora continua. En só tres anos temos experimentado unha grande transformación e amosado a nosa capacidade para reinventármonos. Porén, non estamos aínda satisfeitos e traballamos xa para seguir mellorando.

-Por sectores, onde actúa con meirande intensidade Tecnocom? No sector público? No sector financeiro? Cal sería o eido de actividade que presenta maior potencial para unha empresa como a que vostede representa?

-Os sectores onde temos máis presenza son o da banca e o de seguros, seguido de industria, telecomunicacións e Administracións Públicas. Emporiso en Galicia, levamos varios anos a traballar con especial intensidade para as devanditas institucións, sendo este mercado (xunto ao de industria) onde centramos os nosos esforzos para medrar.

-En liñas xerais, como definiríamos o camiño empresarial a seguir nos vindeiros anos por Tecnocom, tanto a nivel galego coma internacional? Dito doutra maneira: onde estaremos nun prazo de dous anos? Conquistando América do Norte e máis Europa?

-No mercado ibérico aspiramos a mantennos entre as tres primeiras posicións do sector TIC de capital español. A nivel internacional, existe unha estratexia dupla: explotar a nosa alianza global con Getronics Internacional e, por outra banda, ampliar a nosa actividade en Latam, onde queremos consolidar e ampliar a nosa presenza.

-Hai pouco constituíse na nosa terra o Clúster TIC de Galicia, integrado por algunhas das asociacións, entidades e empresas do sector máis senlleiras do noso tecido dixital. Que opinión lle merece a vostede esta alianza? Participa Tecnocom na mesma? Se é así, con que obxectivos?

-Tecnocom sempre tivo confianza na cooperación e no intercambio de coñecemento e experiencias á hora de resolver problemas e retos compartidos dentro do sector tanto a nivel nacional coma rexional. En Galicia, tiñamos participado dende fai anos como socios en dúas das asociacións que son membros do Clúster TIC (AETIC Galicia e Ineo). Na última asemblea do mesmo fomos escollidos como membros do comité estratéxico, e é agora cando nos toca definir os obxectivos e plans de acción que fagan aumentar o peso deste sector clave do desenvolvemento dentro do conxunto da economía galega.

-Por logros específicos, que nos pode dicir do Centro de Excelencia de Tecnocom na cidade da Coruña? Cal é a clave para facelo sobrevivir e medrar en tempo de crise?

-O centro de excelencia da Coruña é un emprazamento estratéxico das operacións de Tecnocom con máis de 300 profesionais que prestan servizos de desenvolvemento e mantemento de aplicacións, proxectos e servizos SAP, proxectos de eBusiness, integración de contornos SOA, proxectos multimedia e de infraestrutura tecnolóxica. A súa posta en marcha permitiunos desenvolver con éxito novos modelos de xestión, xerar emprego en etapas de medre e mantelo en épocas de crise, como a dos dous últimos anos. Non só producimos para Galicia, senón para iniciativas acadadas pola organización noutras rexións. Somos un centro exportador de coñecemento.

-E que podemos engadir sobre o Centro de Desarrollo de Software, tamén con sede en Galicia? En que consiste o seu traballo e en que beneficia ás empresas que se nutren del?

-Dende o noso centro estamos a dar servizos de desenvolvemento e mantemento de aplicacións ora en modo on site, ora en modo factoría de software para importantes empresas e organizacións públicas nacionais. Achegamos o servizo adoptando un modelo de organización e produción de software baseado nos estándares internacionais CMMi (nivel 3). Os nosos clientes gañan en confianza, xa que o modelo asegura o cumprimento de prazos e a minimización de erros na produción, garantindo a calidade dos nosos fornecementos. Arestora, estamos a completar o servizo coa creación de Tecnocom Quality Center, para a xeración dunha nova unidade de solucións encamiñada ao testing de software. Este emprendemento implica unha capa de innovación importante onde estamos a colaborar coa Universidade de Santiago de Compostela para incorporar técnicas de intelixencia artificial dirixidas á creación de ferramentas que permitan automatizar as fases de enxeñería de desenvolvemento.

As redes sociais non son exclusivas dos mozos

Sigojoven publica o seu propio decálogo para internautas maiores de 40

Raquel Noya

A rede social **Sigojoven.com**, unha ferramenta en liña dirixida a aquelas persoas maiores de 40 anos que desexan compartir lecer e cultura, así como atopar vellos amigos na Rede sen ter que recorrer a Twitter ou Facebook, (onde é máis habitual atopar persoas de curta idade), vén de publicar unha serie de consellos para que os seus usuarios (que xa superan os 50.000) non leven sorpresas inesperadas á hora de facer amigos virtuais e lle poidan sacar o máximo partido á ferramenta.

As 10 recomendacións que fan os responsables desta web que a piques está de cumprir o ano son:

1. As redes sociais tamén son para ti pois cada vez son máis os portais especializados en persoas maiores de 40 anos. Crea un perfil nunha rede social que ofreza seriedade e confidencialidade.

2. Aprender é doado. As persoas maiores non teñen a soltura que poden ter os máis mozos á hora de manexar Internet, polo que é recomendable escoller unha rede social doada e intuitiva para ir comezando.

3. Se sincero: móstrate tal e como es. Como na vida mesma, as persoas interesadas en atopar amizades coas que compartir experiencias deberán ser sinceras e non esaxerar, mostrando as súas afeccións e gustos verdadeiros. Respecto das fotografías, o mellor é colocar unha imaxe actual, que coincida coa personalidade do propio usuario.

4. Aprende a linguaxe de Internet e diríxete con respecto e educación aos demais usuarios. Para comunicarnos correctamente nunha rede social debemos evitar escribir o texto en maiúsculas, xa que significa agresividade e enfado. Asemade, as abreviaturas e frases curtas poden crear confusións e malentendidos.

5. Busca na web aos teus antigos compañeiros. As redes sociais incorporan a posibilidade de contactar con antigos compañeiros de colexio, universidade ou traballo a través dos filtros do buscador (provincia, idade, afeccións, empresa…) podendo recuperar así os vínculos.

6. Crea grupos de persoas afíns. Unha rede social está composta por numerosos pequenos círculos de amigos. Aínda que sexas de diferente cidade, cultura ou educación, basta con que compartas afeccións comúns para crear un grupo dedicado ao teu hobby favorito e comezar a publicar novas, artigos, comentarios…

7. Traslada os teus grupos de amigos virtuais á realidade. Organiza quedadas, actividades culturais… coas persoas coas que creaches lazos de amizade na túa rede social.

8. Participa: crea contidos na túa rede social. Cantos máis contidos crees (novas, actividades, grupos, artigos de opinión...), máis enriquecedora será a experiencia para ti e os teus "*amigos*"

9. Emprega profesionalmente as redes sociais. Emprega a túa rede social como plataforma para dar a coñecer as túas obras ou exposicións entre os membros da rede se es artista, ou os teus artigos se che gusta escribir.

10. Se che xorden dúbidas, sempre hai xente na Rede disposta a axudarche. Os usuarios máis veteranos están sempre dispostos a axudar aos acadados de incorporar.

Por norma xeral, as persoas usuarias de Sigojoven.com son persoas de máis de 40 anos, cun nivel medio de formación, coñecedoras da actualidade nacional e con interese por crear e manter relacións sociais.

Entre as actividades que máis espertan o interese dos usuarios, destacan as relacionadas coa arte, como exposicións e obradoiros, as cales incrementaron considerablemente a súa presenza na rede dende a súa creación a finais de marzo de 2009, ata supoñer na actualidade mais do 55 por cento do total das actividades ofertadas.

A Trenza, ruído na Rede

O escritor galego Marcelino Fernández Mallo fala no seu caderno en liña de literatura, lingua política "*e o que lle cadre*"

Redacción

A Rede, definitivamente, fai máis ruído cando se enlea coa vida real, igual que un libro que parte dunha experiencia concreta, memorable ou recoñecible. O mesmo pasa cunha das moitas faces da Internet participativa, os blogs, que decote apreixan a nosa atención por vir de persoas identificables que lle toman o pulso ao seu tempo, que soe ser o noso, polo menos mentres non se demostre o contrario. E non o teñen nada doado, esta tarefa de apreixármonos, e máis se temos en conta as moreas de información que hai na Rede, unha listaxe interminable de internautas requirindo a nosa ollada. Toda esta lea vén a conto para presentar unha bitácora que tamén se enlea, precisamente, como vén indica o seu nome: *A Trenza* (tecido feito con tres fíos pasando de maneira sucesiva cada un deles por enriba e por debaixo dos outros dous). A presentación na nosa revista deste caderno sérvenos para dúas cousas ben concretas: para amosar que a cultura galega non deixou nunca de envorcar esforzos na Internet (por moito que lle pese a quen dixo que o Blogomillo morrera) e para dar retomar aqueles tempos nos que Código Cero era quen de ver as árbores no medio do bosque dixital. *A Trenza* é pois un caderno con autoría á vista de todas e todos e que vén da man do escritor e economista Marcelino Fernández Mallo, quen ten a teima de sumar lectores-internautas, non sabéndose moi ben se dan chegado á súa obra a través da súa obra literaria ou ensaística ou ben por medio do seu caderno en liña, elementos que se enlean en fíos como o propio nome do blog indica. No caso de Código Cero, a toma de contacto foi a través de *Klásicos*, obra de Fernández Mallo presentada os días pasados na compostelá Libraría Couceiro e referenciada logo na Internet galega por unha chea de medios de comunicación, tantos que foi imposible non darse de fociños co reclamo da súa proposta, un convite a introducírmonos con vontade crítica e irónica nunha das características máis salientables da condición humana: a estupidez.

Previamente á posta en circulación desta obra, xa houbo quen deu conta do blog de Fernández Mallo a través da súa primeira novela, *A Trenza*, publicada no verán de 2008 pola editorial Ézaro, un selo non especializado na nosa lingua que decidiu apostar por ela con esta achega. Pois ben, en A Trenza foi posible rastrexar algunhas das constantes conceptuais que o sitio en liña do mesmo nome desenvolvería máis tarde, alén do título que comparten, constantes que teñen que ver coa crítica social e coa procura dunha meirande liberdade comunicativa. Isto polo que se refire a cuestións temáticas, porque o libro

tamén ten conexións fortes co devandito caderno dixital dende o punto de vista da forma e da promoción, de feito Fernández Mallo puxo no seu blog -a disposición dos lectores- o primeiro capítulo da dita novela, o que deu como resultado un exercicio de transparencia dixital poucas veces visto na Rede galega (esta procura dos internautas como depositarios dun traballo concreto, e á vez como colaboradores e xurado).

A novela, estrutura en dúas metades, relata a vida de Mario Quintela, ingresado no cárcere de Teixeiro á espera dunha toma de contacto coa psicóloga da prisión, entrevista que será o detonante para coñecer os detalles dunha vida que ten moito da estrutura de entrecruzamento de fíos á que alude o título da obra.

O autor e o seu caderno

Marcelino Fernández Mallo é economista coruñés e leva toda a súa vida profesional dedicada ó sector financeiro galego, agás un cachiño dela que pasou en Suíza. Hai tempo que alterna o puro exercicio laboral coas súas colaboracións en medios de comunicación, con concentración especial en Vieiros, Xornal de Galicia e a Radio Galega. No eido literario, publicou o libro de relatos Cabilia e as novelas *A Trenza* e *Klásicos*. O enderezo de correo é: mlfmallo@gmail.com. Polo que respecta ao seu blog, *A Trenza*, podemos velo en atrenza.blogaliza.org, un espazo en liña que ten moito de feitura clásica de caderno en liña (entradas persoais con comentarios externos) pero que non renuncia (máis ben o contrario) a manter as canles abertas co mundo no que se insire, a Rede galega escrita e falada en galego. O caderno dixital abrangue deste xeito cuestións do máis diverso (sociais, informativas, políticas, culturais) e portas de entrada a un amplo escenario representativo do noso. Isto dá como resultado un novo tipo de blog, específico e persoal á par que colectivo, precisamente por esa teima de convocar en pantalla tódolos recursos informativos posibles sobre aquilo do que se fala. Para o autor, semella importante que calquera persoa que busque coñecemento sobre a cultura galega en liña sexa quen de enxergar a colectividade a través dos exemplos individuais. Coma a viaxe dixital dun país a través da experiencia dun dos seus membros.

A emigración en liña busca apoio

Fillos de Galicia ofrece a xestión e dirección dos seus proxectos na Rede

Raquel Noya

A asociación responsable da principal rede social da emigración galega en Internet, Fillos de Galicia, unha comunidade virtual que ten como obxectivo manter e divulgar a galeguidade entre os descendentes da diáspora galega, vén de anunciar a intención de traspasar os seus proxectos na Rede a outras entidades ou particulares que poidan xestionalos e melloralos, entre eles o máis coñecido, Fillos.org.

A decisión foi tomada logo dun ano de interinidade na directiva da asociación cultural, e logo de comprobar que malia os repetidos intentos de promover o proxecto Fillos.org, o portal máis coñecido da entidade, o número de usuarios que entraron para formar parte do grupo, non superou o 1 por cento.

Fillos.org, unha rede social con máis de 6.800 galegos e descendentes adscritos, foi creada en 1997 por Manuel Casal Lodeiro, un informático fillo de galegos emigrados a Biscaia, que posteriormente dou lugar á creación da asociación Fillos de Galicia para darlle soporte legal e "*organizar un grupo de xente comprometida coa galeguidade que fose axudando a definir o proxecto*".

Agora, tras 13 anos de actividade na Rede, os responsables deste proxecto reclámanlle a algunha persoa ou entidade privada que se faga cargo da mesma xa que, segundo palabras do seu creador, "*sen unha dirección eficaz é inútil*".

Casal Lodeiro afirma que prolongou a súa dedicación ao proxecto *"canto puiden"* pero logo de varios anos advertindo que o proxecto dependía con moito do seu compromiso persoal e da súa coordinación diaria, tivo que renunciar por motivos persoais a seguir nos postos directivos da asociación, algo que tamén anunciou o seu presidente un ano atrás.

A suma de "*circunstancias persoais e económicas*" levan agora á asociación a recoñecer que *"non é quen de continuar cos proxectos"*, e pídenlle a terceiras persoas que o intenten xa que *"o noso público é importante e está aí, na Rede, agardando que alguén lle siga a fornecer cultura galega e contacto co país"*.

É por isto que a asociación vén de publicar unha convocatoria aberta a toda a cidadanía, á procura dun relevo na xestión e dirección dos seus sitios web, tanto de Fillos.org, como das comunidades web Galeguidade.net, eTIqueTAL.com, Debulla.info, Nome-Galegos.info e Planeta-Galego.info entre outros dominios.

Mais iso si, os responsables da iniciativa lembranlles ás persoas interesadas en dirixir o proxecto que Fillosorg *"é a día de hoxe o sétimo centro galego do mundo en número de usuarios"*, máis non así en solvencia económica, claro está.

Máis rede social

Fillos.org a comunidade en liña de galegos espalladas/os polo mundo, subiu no pasado outono un novo chanzo na súa carreira por consolidarse como unha das redes sociais máis grandes da nosa emigración e (tamén) por consolidar á Rede como espazo de encontro para as persoas que están afastadas por milleiros de quilómetros. Segundo informaron os responsables da comunidade, Fillos.org sitúase por tamaño e repercusión no sétimo posto das comunidades de galegas e galegos na Diáspora, por diante mesmo do Centro Galego de México e só superada polas entidades de Montevideo, Bos Aires, Caracas, A Habana e Bruxelas.

O medre de socias e socios (6.700) experimentado pola dita rede, máis salientable se temos en conta as dificultades polas que pasou e está a pasar a asociación debido ás dificultades derivadas do mantemento do portal web e os proxectos derivados (dos que falamos ao principio desta páxina), veu acompañado dunha serie de novidades.

Por exemplo: a renovación da web principal, que baixo o epígrafe de Fillos 4.0, achega unha feitura e uns contidos máis acordes coas liñas seguidas polas redes sociais máis populares que todos coñecemos.

Axilizando trámites

O Colexio de Arquitectos de Galicia proponlle á Xunta impulsar a efectiva implantación das licenzas dixitais

Redacción

O Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) propuxo impulsar a *"efectiva implantación das licenzas dixitais"* á Consellería de Presidencia, tendo en conta á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), coa que xa se mantiveron conversas anteriores, para que os concellos poidan tramitar de forma electrónica a obtención de licenzas e proxectos de obra, "*coa intención de axilizar os trámites burocráticos*".

Esta iniciativa está enmarcada dentro dun cobizoso proxecto para o uso das tecnoloxías da información e comunicación nos procesos administrativos locais, *"o que permitiría axilizar a obtención de permisos e licenzas no ámbito da edificación e o urbanismo de Galicia"*, segundo sostén o COAG. A experiencia do Colexio de Arquitectos parte do ano 2004 en que implantou o visado dixital en toda Galicia.

O COAG visa por vía telemática máis do 75% do total da súa actividade, segundo afirma o seu coordinador técnico –Alberto Escobar–, *"ascendendo a 267.000 o número de arquivos visados sobre un total de 5.200 expedientes no ano 2009"*. Deste modo, engade Escobar dáse cumprimento á lei 11/2007, obrigatoria en toda España dende xaneiro deste ano 2010, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Por tanto, o COAG destaca que ofrece a súa experiencia de máis de cinco anos neste eido, unha implantación xeográfica nas sete cidades e a posibilidade de unificar a forma de presentación de todos os traballos profesionais que se presenten en todas as Administracións galegas, *"para así evitar a dispersión de criterios, darlle máis transparencia ao proceso e axilizar e acurtar os prazos de tramitación"*, segundo explica.

O COAG pensa que as iniciativas lexislativas que está impulsando a Xunta de Galicia, como a modificación da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia 9/2002 de 30 de decembro, as Directices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, "*deben redundar en que se axilizarán os trámites e os prazos dos propios trámites urbanísticos, e nunha maior garantía xurídica*".

Finalmente, o Colexio de Arquitectos anuncia que está facendo xestións e trámites conducentes á posta en marcha da xanela única, "*a disposición de todos os galegos, en cumprimento da chamada Lei ómnibus de servizos*".



▲ **Celestino García Braña, decano actual do COAG**

Territorio, catastro e urbanismo

O Colexio de Arquitectos fixo unha proposta á Administración para mellorar a ferramenta da web de planeamento: "F*usionar a información sobre o territorio, o catastro e a propia información urbanística nun mapa navegable interactivo de toda Galicia, para dar cumprimento á Disposición adicional primeira da Lei do solo estatal*".

O COAG leva anos dando a coñecer a situación do planeamento urbanístico de Galicia, en aberto, con varias iniciativas como a web de información urbanística galega **http://www.planeamentourbanistico.xunta.es**, froito dun convenio do ano 2003 coa Xunta de Galicia, prorrogado no 2006; e máis recentemente o seu blog de planeamento **http://blogdeplaneamento.coag.es**, "*onde sistematicamente informamos sobre a evolución do número e tipoloxía de vivendas visadas en todos os concellos de Galicia, datos de suma importancia pois avanza a actividade prevista no sector*".

Alberto Escobar explica que nese blog figuran as fichas IUM (Información Urbanística Municipal) onde se sinala en cada concello o planeamento vixente, o estado do planeamento en tramitación, os seus equipos redactores, así como datos referentes á dotación técnica de que dispoñen. "T*odas estas accións pretenden do COAG pretenden dar maior dotación ao feito urbanístico*", segundo subliña o coordinador técnico do Colexio de Arquitectos de Galicia.

Internet doada para visitantes

Así-Red pon en marcha na Rede unha central de reservas turísticas libre de comisións

Redacción

O turismo galego semella que non fai máis que fortalecerse na Rede. Se hai uns días falabamos nesta revista da iniciativa Encamínate (posta en marcha para promover o Ano Santo) e máis da páxina de Limiaverde (desenvolvida co obxectivo de fortalecer as casas rurais de Ourense na Internet), agora toca facelo de Breogan.com, unha páxina que como o seu nome indica xorde dende a nosa terra e que consiste basicamente nunha central de reservas turísticas de Galicia. O servizo, que segundo informa a empresa responsable da súa posta en funcionamento (Así-Red, **www.asired.es**) é totalmente gratuíto e non inclúe comisións de ningún tipo, xoga o seu principal papel establecendo contactos entre os turistas que queiran vir á nosa terra e as nosas empresas do sector. Por certo que o portal é froito do seu tempo, de aí que xorda con ligazóns (temáticas, funcionais) estreitas co Ano Xacobeo.

Empresarialmente, iría destinada a firmas de calquera tamaño e tipoloxía (hoteis, hostais, restaurantes, servizos de actividades, etc), poñéndolles ao seu alcance ferramentas para a completa xestión, promoción e venda dos seus produtos. E todo isto, informa Así-Red, a través dunha única web **www.breogan.com**, *"onde calquera turista pode navegar polos distintos servizos, coñecer tarifas, ofertas e dispoñibilidades, consultar opinións, comentarios e valoracións de outros internautas, amais de reservar de xeito directo sobre cada un dos produtos que estean rexistrados no dito portal".*

A idea, máis polo miúdo, é establecer as mellores pontes posibles entre clientes e empresas dentro do noso sector turístico, facéndolle as cousas máis doadas a uns e outros nun intre en que xa todo o relacionado co sector (agás practicamente a propia estancia) se leva a cabo na Rede. *"Con Breogan.com"*, engade o equipo responsable da súa posta en marcha, *"calquera produto turístico galego poderá competir en igualdade de condicións que as grandes cadeas e operadores turísticos, reducir os seus custes de xestión, distribución e comercialización e adaptarse a un contorno cada vez máis competitivo e esixente, facéndolles máis doado ao usuario e ao profesional a consulta de tarifas, dispoñibilidades e reservas en tempo real, a xestión de cupos a través da canle e a optimización das súas tarifas".*

> **A través deste xogo, tanto internautas como empresas sairán gañando**

Neste senso, cómpre sinalar que o portal non é simplemente un escaparate de produtos sen apenas marxe para as regras do xogo da Web 2.0 e da comunicación libre. Non, o obxectivo de Así-Red era inserir plenamente a web na tendencia actual de diálogo directo ao abeiro da Internet, permitindo deste xeito a entrada de algo tan difícil de conseguir até hai ben pouco como a fiabilidade. Dito doutro xeito: os propietarios turísticos rexistrados na plataforma terán que aceptar non só que se fale con eles, senón que se fale deles e que estas valoracións fiquen dispoñibles para outros usuarios que estean interesados nos mesmos servizos. Deste xeito, a comunidade internauta terá marxe abonda para avaliar previamente a calidade dos produtos, na procura de referencias. A través deste xogo, tanto internautas como empresas (que verán como as opinións dos seus clientes suman un historial) sairán gañando.

Así define José Ramón Pais, director xeral de Así-Red, as razóns de ser desta iniciativa: *"Cremos que existe unha ampla oferta de produtos turísticos en Galicia con enorme atractivo e calidade, en especial os máis miúdos, que por falta de medios técnicos non é accesible ao gran público que si procura este tipo de produtos; aí precisamente entra en xogo Breogan.com, facilitándolles tecnoloxía de información ás pemes turísticas de Galicia como forma de aproveitar a oportunidade que supón o Ano Santo para o medre dixital, a posta pola innovación e o desenvolvemento de Galicia".*

Na procura da tenda en liña

Ineo e Caixanova presentan os resultados da súa iniciativa de implantación TIC no comercio

Redacción

A Fundación Caixanova e a Asociación Ineo presentaron recentemente en Vigo os resultados do proxecto Comercio TEC (**www.comerciotec.com**) e máis as boas prácticas derivadas da experiencia piloto levada a cabo ao abeiro da dita iniciativa nos comercios galegos. O acto, que se desenvolveu no Centro Social da entidade financeira, contou coa presenza activa de María Nava Castro, directora xeral de Comercio, quen fixo fincapé nas vantaxes de poñer as tecnoloxías da información o máis preto posible deste tecido produtivo galego, precisamente un dos obxectivos de Comercio TEC. Máis polo miúdo, e segundo explicaron os asistentes ao dito acto, trátase dunha iniciativa da Fundación Caixanova en colaboración con Ineo que xorde de diversos estudos levados a cabo pola caixa galega co obxectivo de tomarlle o pulso ao devandito sector produtivo, tratando de localizar as súas necesidades e carencias TIC máis salientables.

O programa diríxese polo tanto a facer fronte a algúns dos atrancos detectados grazas ao estudo, como por exemplo "*a escasa concienciación da necesidade de acceso e as moitas oportunidades que achega a Sociedade da Información, amais do déficit nas infraestruturas básicas de acceso á Rede en comparación coa media de Europa das empresas do sector do comercio en Galicia*".

O proxecto, apoiado polos fondos europeos FEDER e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi deseñado en dúas fases, a primeira delas centrada na análise das necesidades concretas das empresas do sector a través dunha enquisa efectuada a máis de 100 comercios e varias mesas de traballo. Os resultados, sinalan os autores do estudo, permitiron desenvolver un modelo ideal de aplicación de canles dixitais.

Polo que atinxe á segunda fase, dicir que este modelo ideal foi finalmente implantando nunha proba piloto na que participaron sete firmas de Galicia coa finalidade de probar e de mellorar coas súas demandas as ferramentas e solucións tecnolóxicas deseñadas. Amais disto, púxose a disposición de tódalas empresas interesadas na web da iniciativa unha ferramenta de autodiagnóstico que posibilita unha análise doada das necesidades TIC de cada empresa, obtendo logo as solucións tecnolóxico-dixitais do mercado que mellor lle acaian ás súas demandas específicas.

Máis detalles sobre Comercio TEC

A iniciativa Comercio TEC é un proxecto pioneiro que pretende dar resposta ás necesidades que, en materia de novas tecnoloxías, se lle presentan ás empresas galegas do sector comercio.

Trátase dunha iniciativa que nace para dar conta das solucións que precisan os comercios galegos no tocante á escasa concienciación da necesidade de acceso á Rede, así como das oportunidades que lles ofrece esta a día de hoxe. Por outra banda, tamén pretende reducir o déficit nas infraestruturas básicas de acceso a Internet que se dan en Galicia en comparación coa media da Comunidade Europea.

Todas estas necesidades teñen resposta, segundo veñen de informar Ineo e Caixanova, *"no eido da Sociedade da Información e, por tanto son as TIC as ferramentas básicas que permitirán mellorar tecnoloxicamente ás empresas"*.

Comercio TEC xurde pois para dar resposta á necesidade de propiciar e implementar o desenvolvemento de sistemas de información estratéxica e de comunicación na cadea de comercio, facendo fincapé na formación e información que requiren as persoas ligadas a este tipo de empresas. Os responsables da iniciativa aseguran que con esta pretenden contribuír a "*potenciar e optimizar a competitividade das pequenas e medianas empresas do sector do comercio mediante o emprego das redes do coñecemento, achegando unha excelente xestión e administración*", que se traducirán, aseguran, "*en altas vantaxes e beneficios económicos*".

Menos mal que Google nos ten a nós

Investigadores do Campus de Ourense desenvolven proxectos para mellorar o servizo Earth do coñecido buscador

Redacción

Google Earth, e por suposto os seus usuarios, están de sorte: sempre haberá interese por ver a Terra dende fóra, polo que é de supoñer que dificilmente se deteña o deseño de melloras arredor desta ferramenta. Así, e xa nun eido máis concreto, contan con achegas como a de Iván Rodríguez e Gumersindo Veloso, dous alumnos da Escola Superior de Enxeñería Informática (Campus de Ourense) que comparten obxectivos en cadanseu proxecto de fin de carreira: mellorar o Google Earth, programa informático que como a comunidade lectora de Código Cero sabe, serve para visualizar imaxes do planeta ou, xa nun eido máis específico, para sobrevoar Nova York en 3D ou (tamén) para poñerlle as cousas ben doadas á policía suíza (que localiza alixos de droga a través da dita canle). Volvendo aos traballos de Rodríguez e Veloso, dicir que o paralelismo das súas achegas remata nesa vontade de enriquecer o dito servizo, a partir de aí as súas investigacións tomaron carreiros diferentes.

A vía de Veloso foi a de crear unha aplicación que engade ao Google Earth datos meteorolóxicos en 3D, sendo a do seu compañeiro a posta en marcha dun sistema web que pon ao usuario en disposición de interactuar coa información nunha contorna 3D a través de varias canles de navegación.

▲ **O profesor Celso Campos, no centro, dirixiu os proxectos fin de carreira dos seus alumnos Iván Rodríguez (esquerda) e Gumersindo Veloso (dereita).**

Segundo informa a Universidade de Vigo nunha completa crónica (en duvi.uvigo.es) destes interesantes achados feitos dende a nosa terra, ámbolos dous estudantes contaron coa mesma guía, o profesor Celso Campos, director dos seus proxectos.

O primeiro do que falamos, o de Gumersindo Veloso, xira arredor do clima e as posibilidades do Google Earth como fonte de información sobre o mesmo, servizo de especial importancia a día de hoxe se mire por onde se mire: tanto se queremos obter datos sobre o quecemento da Terra como se, xa nun plano menos transcendente, temos interese por saber que tempo vai facer nas nosas vacacións. A xuízo deste investigador da ESEI do Campus de Ourense, nestes eidos é onde fallan os servizos tradicionais de información meteorolóxica, de aí que fose preciso pór en marcha algo que permitira escoller os datos con meirande detalle e poder combinalos segundo as necesidades do internauta. Este é o alicerce de Google Meteo, "unha ferramenta destinada a reunir as localizacións que desexe o usuario, xunto coa previsión do tempo e o estilo visual da súa presentación". No que atinxe á achega do investigador Iván Rodríguez, dicir que o seu traballo parte dunha das grandes vantaxes de Google Earth: as funcionalidades que achega nos servizos de información xeográfica, cos que xa case todos os internautas están familiarizados, ao igual que o están cos moitos navegadores xeográficos en 3D que xurdiron logo ao seu abeiro. Porén, o proceso nin está pechado nin deu o mellor de si, sinala o investigador galego, en parte polas "*limitacións propias dos modelos tridimensionais navegables de información*", atrancos que chegan a limitar a interacción co internauta a mesmo a feitura dos datos que se presentan. O seu proxecto de fin de carreira vai directo a albiscar a solución do problema, corrixindo as limitacións dos navegadores coa concorrencia de sistemas de interacción internauta-computadora baseados en espazos en 3D. O seu sistema web pon en xogo tres métodos de navegación:

- **Navegación mediante puntos de interese** (permite ir directo a unha serie de puntos que son o conxunto final de localizacións onde está amoreada a información).
- **Viaxes guiadas ou navegación por rutas de interese** (posibilita gozar de percorridos virtuais a través de emprazamentos en 3D e secuencias animadas).
- **Navegación libre interactiva** (deixa marxe para a exploración libre e dinámica a contorna tridimensional).

Contra a desigualdade dixital

O plan da Xunta para levar redes a tódolos galegos mobiliza un orzamento de 232 millóns de euros

Redacción

O Plan de Banda Larga 2010-2013 é, por dicilo dun xeito claro, a gran aposta da Xunta para pórlle remedio á escasa oferta de redes que sofre o noso país dende que a Internet foi Internet. O programa, presentado a mediados de febreiro polo propio presidente do Goberno galego, supón unha medida para rematar na nosa terra coas diferenzas urbano-rurais de conectividade, diferenzas dobremente graves por estar o rural máis carente do resto das infraestruturas, máis afastado e máis sometido a un proceso de despoboamento e de marxinación económica. En palabras do propio presidente da Xunta, o plan apóiase no obxectivo de evitar que haxa proxectos empresariais ou sociais que deixen de levarse a cabo precisamente pola falta de apoio ou sustento dixital. Neste

senso, no transcurso da presentación do programa en Lugo, Núñez Feijoo salientou que se van despregar os máximos esforzos para que durante os tres anos vindeiros *"se poida cumprir coas comunicacións, non só viarias, que tamén, senón finalizar a comunicación integral de Galicia coa banda larga"*. A idea, máis polo miúdo, é conseguir que o 94% da poboación do país teña acceso a un servizo de banda ampla de calidade, ofreciéndoselle ao 6% restante (a poboación galega situada en emprazamentos especialmente illados) a alternativa da conexión vía satélite. Con estes e outros obxectivos, o Goberno galego terá nas súas mans un investimento de máis de 232 millóns de euros, dos que a máis de cen veñen achegados directamente pola Xunta e o resto doutras administracións e de capital privado.

Por territorio, cómpre sinalar que non toda a nosa xeografía é prioritaria nestas accións. De feito, sábeo toda a cidadanía, hai espazos onde a Internet leva anos comportándose coma as restantes oportunidades socioeconómicas: achégase ás grandes cidades e pasa por alto amplas zonas non urbanas. Neste senso, a finalidade é actuar con máis pulo nas provincias de Lugo e Ourense, coa meta de minimizar a fenda dixital que existe en relación a Coruña e Pontevedra. *"O 40% da poboación sufre un apagado tecnolóxico. En Lugo, ese apagado é superior en 16 puntos ao resto da media galega"*, sinalou Feijoo. E engadiu: "*O acceso á Banda Larga non é outra cousa que a interconexión de todos os centros de saúde, de todos os xulgados, de todos os parques empresariais, de todos os polígonos industriais...Non é outra cousa que a interconexión de Galicia. Isto é o Plan de Banda Larga: a posibilidade de acceso á Rede do 100% dos galegos. A incorporación do rural galego e por extensión, de todo o país, a un mundo xa interconectado e, na práctica, sen fronteiras*".

Loita contra a desigualdade

Acompañando a Núñez Feijoo durante a presentación do Plan Director concorreu tamén na cita a secretaria xeral de Modernización da Xunta, Mar Pereira, quen comezou a súa intervención facendo fincapé nos aspectos máis sociais do programa, máis polo miúdo no seu potencial como instrumento de equilibrio entre eidos da nosa poboación. Ao seu xuízo, a gran finalidade do Plan é reverter "a actual situación de desigualdade que vive *a comunidade en materia de acceso aos servizos de telecomunicacións, e contribuír a que se lle tiren proveito ás TIC como motor para a dinamización, a competitividade e o pulo e modernización dos servizos públicos*". Mar Pereira tamén trazou un percorrido polos pasos a seguir nesta achega de infraestruturas:

- En primeiro lugar, levaranse a cabo accións que contribuirán á vertebración territorial, como o despregamento de redes fixas que achegará a banda larga a máis de 170 núcleos de máis de 100 habitantes e parques empresariais e polígonos industriais con deficiencia de cobertura, o que supón arredor de 100.000 persoas; a extensión de redes sen fíos a preto de 9.000 núcleos que non se cubran coas actuacións anteriores e que equivalen a máis de 400.000 habitantes; e a potenciación do operador público Retegal que permitirá reducir custes e acelerar o despregamento da banda larga.
- Traballarase a prol da universalización do servizo que dotará de cobertura a outras 143.000 persoas que vivan en zonas que pola súa dispersión non foran incluídas nas actuacións anteriores.
- O desenvolvemento de infraestruturas completarase coas de redes de nova xeración que alcanzan velocidades de ata 100 Mbps

"O denominador común de todas estas actuacións", sinalou Pereira, "*é o fornecemento dun servizo de banda larga de calidade, con velocidades de acceso superiores a 2Mbps, podendo chegar a 100Mbps no caso de redes de nova xeración*".

Este despregamento de infraestruturas, sinala a Xunta, permitirá cambiar a situación actual da Comunidade na que -segundo lembra a secretaria xeral- un total de 786.000 galegos (o 30% da poboación), preto de 35.000 empresas (16%) e 589 entidades de poboación con algunha entidade administrativa non teñen posibilidade de acceso á banda larga.

Procedementos para un programa de choque

A elaboración do plan pasou por localizar amplas zonas demandantes de redes e pendentes aínda delas

Máis información en imit.xunta.es

Redacción

Situación actual da banda larga en Galicia

O plan de extensión de banda larga da Xunta xorde nun contexto ben definido: o dunha Internet que malia os avances que se teñen feito aínda non está ao alcance da man (e do peto) dunha boa parte das galegas e galegos, ou polo menos non tan preto como sería de desexar. A idea, sinalan fontes do Goberno galego, é achegar unha política común de actuación en materia de despregue que poña fin "á importante falta de visión global e de coordinación dunha boa cantidade de medidas postas previamente en xogo". Con carácter xeral, engade a Xunta, pode dicirse que os datos seguen a situar a Galicia como unha das comunidades autónomas menos densevolvida en materia de acceso a servizos de telecomunicacións e, polo tanto, en progreso da Sociedade da Información. Con máis detalle, Galicia estaría hoxe na cola das comunidades no que se refire a taxa de fogares con banda larga, 14,8 liñas por cada cen habitantes e cinco puntos por baixo da media estatal. No que atinxe á penetración das redes de alta velocidade entre autónomos e empresas, as cousas, engaden fontes da Xunta, non están moito mellor. Hoxe en día, dise nos informes que acompañan á elaboración do plan de despregue, a penetración da Rede de banda larga en firmas de menos de dez empregados é inferior a dez puntos á media española.

Metodoloxía aplicada para a análise da situación actual do acceso ás redes

Para avaliar a situación da banda larga en Galicia considerouse este servizo como un recurso de acceso á Internet con velocidade de baixada de cando menos 1Mbps. A dita análise consistiu no seguinte:

- Estudar a dispoñibilidade de servizo en Galicia por parte dos diferentes operadores de banda.
- Estimar a demanda do servizo.
- Cruzar ámbolos dous resultados para obter unha estimación da demanda non satisfeita de servizo de banda larga. É dicir, avaliar que puntos dos que demandan o servizo non están cubertos pola oferta dos operadores.

Análise da dispoñibilidade de infraestruturas

Para o desenvolvemento desta análise contouse coa colaboración das operadoras de rede presentes en Galicia, dando como resultado un mapa de zonas de dispoñibilidade da dita infraestrutura de acceso ás redes. Dependendo do nivel de conectividade de banda larga dispoñible defínense tres tipos de zonas:

- Zonas negras. Áreas nas que existen dous ou máis provedores de redes de alta velocidade.
- Zonas grises. Áreas nas que só existe un operador.
- Zonas brancas. Áreas nas que non existen infraestruturas de banda larga ou nas que non é probable que se desenvolva no futuro próximo.

Deste xeito, informa a Xunta, obtéñense datos como resultado da análise sobre o nivel de conectividade de cada núcleo.

Estimación da demanda de servizo

A estimación realizouse identificando os posibles puntos de demanda de banda larga, usuarios residencias, empresas, puntos de especial interese dos servizos públicos como xulgados, farmacias, centros educativos, centros de saúde, xestores administrativos.

Para levar a cabo a dita identificación dos elementos de demanda contouse coa axuda de todas as consellerías da Xunta, de 215 dos nosos concellos, das deputacións provinciais e de organismos e entidades públicas de ámbito local ou provincial.

Realizada a identificación de todos os puntos demandantes procedeuse a asignar un peso relativo a cada un deles segundo a súa tipoloxía, é dicir, fíxose unha ponderación de cada punto demandante.

Estimación da demanda non satisfeita

A partires dos resultados anteriores defínese a demanda estimada non satisfeita como o cruce da dispoñibilidade do servizo coa estimación da demanda. Así, cualificarase de demanda non satisfeita ao total da demanda de aqueles núcleos nos que non exista oferta do servizo de banda larga. De novo, obtéñense dous mapas como resultado, un que indica a solicitude non cumprida de redes para cada localidade e outro de concello que recolle a porcentaxe que representa a demanda non satisfeita fronte á demanda total para ese concello.



Distribución da dispoñibilidade de banda larga fixa

Tomándolles o pulso aos concellos

Os informes que acompañan o plan apuntan cara a predominancia de núcleos de poboación sen infraestrutura

Redacción

Dos 315 concellos de Galicia, sinala a Xunta, en 169 son predominantes os núcleos de poboación sen infraestrutura de banda larga, é dicir, en ditos concellos impóñense as zonas brancas. Do mesmo xeito, en 106 concellos as localidades predominantes son aquelas denominadas como zonas grises, zonas que só existe un operador que pode dar o servizo de banda larga, e por tanto, "*non existe competitividade que poida derivar en mellores servizos a un prezo máis razoable*". Polo tanto, sinálase, só 40 concellos da nosa terra contan cun número salientable de núcleos de poboación con máis de unha compañía operadora que oferte conexión de banda larga, as chamadas áreas negras. De procurar unha visión máis detallada desta situación, informa a Xunta, e descender polo tanto ao nivel de núcleos de poboación, estaremos en disposición de ver "*que máis da metade das localidades de toda Galicia non contan con posibilidade de acceso á banda larga*". De feito, engádese, o noso país presenta máis de 30.000 núcleos de poboación espallados por toda a xeografía, dos que máis de 17.000, atendendo aos datos o plan, non terían arestora opción de rede de alta velocidade. Porén, puntualízase, a situación das cidades, vilas e aldeas en canto ao acceso á dita infraestrutura "*é moi difererente*" segundo a poboación das mesmas. Deste xeito, segmentando en función do número de habitantes de cada núcleo, o informe do plan conclúe o seguinte:

• Núcleos de menos de 100 habitantes (27.603)

-16.247 núcleos, ou sexa, case o 60% das localidades de menos de 100 habitantes non teñen posibilidade de acceso á banda larga.

-11.303 núcleos, o 40,95%, só contan cun operador

-53 núcleos, o 0,2%, dispoñen de dous ou máis operadores de banda larga

• Núcleos de entre 100 e 1.000 habitantes (case 3.000 localidades)

-949 núcleos, ou sexa, o 32,1% dos de entre 100 e 1.000 habitantes, non teñen opción de acceso ás redes de alta capacidade.

-1.956 núcleos, o 66,1%, só contan cunha empresa provedora de banda larga.

-54, o 1,8%, dispoñen de dous ou máis operadores.

• Núcleos de máis de 1.000 habitantes (197)

-15 núcleos, é dicir, o 7,6% dos de máis de 1.000 habitantes, non teñen opción de banda larga.

-77 núcleos, o 39,1%, só dispoñen dun operador

-105 núcleos, o 53,3%, teñen dous ou máis operadores de banda larga

▲ **Imaxe tomada no acto de presentación do Plan de Banda Larga en Lugo**

Deste xeito, explícase no informe, confírmase "*a gran diferenza entre as localidades de meirande poboacion e as de menor cantidade de veciños, factor que contribúe ao medre do desequilibrio territorial*". Esta situación pode apreciarse no mapa de Galicia que se achega nestas mesmas páxinas sobre a distribución da dispoñibilidade da Internet de alta velocidade, explican os responsables do plan, mapa -por outra banda- inzado de puntos vermellos que representarían as vilas, aldeas, casais ou lugares que non teñen a día de hoxe posibilidade de acceso á banda larga, "*sendo ben clara a súa predominancia nas zonas menos poboadas do interior de Galicia*".

Pola contra, a situación é distinta nas contornas das grandes cidades, nas zonas costeiras e no eixo atlántico, que é onde se concentra o meirande número de manchas azuis, que representan as áreas que dispoñen de oferta de Rede de calidade.

No que atinxe á demanda do servizo de banda larga, sinalar que a análise efectuada amosa que nun bo número de concellos se rexistra unha taxa "*moi elevada de demanda non satisfeita*". Dito doutro xeito: "*Que en moitos concellos galegos a oferta de rede de calidade fica lonxe de cumprir coas necesidades da poboación, as empresas e máis os servizos públicos*". Máis polo miúdo, engádese, existen 79 concellos con máis dun 90% de solicitude dixital non cumprida, e 86 cun nivel de entre o 60 e o 90%.

Consistorios *offline*

Segundo a Xunta, os servizos públicos de calidade perigan en moitos concellos por non contaren con Internet de banda larga

Redacción

Polo que respecta aos servizos públicos, os datos obtidos do mapa de telecomunicacións que acompaña ao Plan de Banda Larga achegan unha situación de risco para unha cifra salientable dos concellos galegos, ao non poder contar con servizos públicos de calidade derivados da falta de dispoñibilidade deste tipo de conexión. Para a Xunta de Galicia, un vieiro de mellora para o achegamento dos servizos públicos a cidadáns e empresas son as canles telemáticas a través das redes de telecomunicacións. Así, sinala, de dárselle un axeitado pulo ao desenvolvemento da rede de calidade estaranse a sentar os alicerces da modernización dos servizos esenciais que dende o eido público se prestan aos galegos. A situación, informa o Goberno galego, é *"máis preocupante aínda"* se temos en conta que a Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos fixa como data de cumprimento da mesma o 31 de decembro de 2009. A día de hoxe, hai no noso país 1.421 entidades de poboación nas que existe algún tipo de demanda de banda larga por parte da administración pública (centros de saúde, centros educativos, edificios dos concellos), incluíndo tamén como demanda a dos centros de xestores administrativos, polo *"importante papel que xogan como intermediarios entre a cidadanía e as AA PP"*, engade a Secretaría Xeral de Modernización. Destas 1.421, aproximadamente o 41% (589) non contan con posibilidade de acceso á banda larga e polo tanto a súa demanda non está cuberta, mentres un 50% (arredor de 710) están localizadas en emprazamentos con presenza dun único operador e por tanto dependendo da oferta de servizo que este poida ofrecer. A maiores, unicamente o 9% están cubertas por máis de un operador.

▲ **Mar Pereira, responsable da Secretaría de Modernización e do desenvolvemento do Plan de Banda Larga, co presidente da Xunta e membros da Administración galega**

De afondar nestes informes, teriamos a seguinte situación específica, incide a Xunta:

• Dos máis de 450 centros sanitarios presentes en Galicia, a día de hoxe o Goberno galego calcula que arredor de 120 dispoñen dun *"acceso insuficiente á banda larga, e 30 non contan con posibilidade de conectarse a ela"*.

• No caso dos centros educativos, a Xunta estima que dos máis dos 1.200 que pertencen á Consellería de Educación hai arestora cando menos 300 nos que non existe opción de banda larga ou ben a que existe é deficiente. Isto, sinálase nos informes, supón que cando menos un 25% dos centros educativos presentar largos de banda insuficientes.

• Para o Goberno galego tamén hai atrancos dixitais nos xulgados de paz. Así, arredor do 10% dos mesmos non conta coa lonxitude de banda necesaria par a unha óptima operatividade. Isto, sinala a Secretaría Xeral de Modernización, irase solucionando coas medidas postas en marcha ao abeiro do Plan Integral de Sistemas de Información para a Administración de Xustiza, *"que permitirá establecer as actuacións a realizar de cara ao avance nun proxecto integral de modernización da xustiza"*.

• No que atinxe aos servizos municipais, os mapas achegan unha taxa do 53% das casas consistoriais sen posibilidade de dispor de acceso á Internet de alta capacidade, axeitada para a súa xestión administrativa.



▲ **Ollada de Anz60 á nosa Galicia rural, precisamente a máis necesitada de redes, visto no Flickr**

Entre as empresas máis pequenas e a Rede, unha fenda

Redacción

O estudo para o Plan de Banda Larga partiu da seguinte base referente ao eido produtivo galego: na nosa terra, arredor do 95 por cento

das empresas posúen menos de 10 empregados. Polo tanto, botando man de datos do INE, estaríamos ante un país, o noso, situado nos postos máis baixos polo que se refire a firmas con menos de 10 traballadores que teñan conexión de banda larga, *"o que deriva sen dúbida na necesidade de actuacións para aumentar a dispoñibilidade e tamén a penetración da banda larga"*. En termos xerais, sinala a xunta, estímase a oferta non dispoñible para as empresas galegas no 16,1% da demanda total do servizo de banda larga. A situación, engade, é sensiblemente peor en aquelas actividades empresariais fortemente vinculadas ao mundo rural. Deste xeito, no caso das explotacións gandeiras, un 64% atópanse localizadas en zonas onde non existe posibilidade de conexión de rede de calidade. No eido do turismo rural, as carencias do devandito chegan ao 51% dos establecementos.

"A realidade", sinala o Goberno galego, *"amosa que nun mundo cada vez máis interconectado, o progreso e a competitividade futura das nosas empresas pasan pola capacidade de participar de igual a igual nun espazo económico europeo cada vez máis esixente, unha concorrencia que demanda o emprego de servizo de banda larga como chave de acceso á Sociedade da Información, incluso nos mercados locais"*.

As actuacións para a ampliación do servizo de banda larga terán para o Goberno galego unha especial importancia para a modernización e o progreso das empresas galegas que se atopan mergulladas nunha nova orde económica caracterizada polo emprego activo da información e o coñecemento a través do uso das novas canles como peza básica na creación de valor. Deste xeito, a xuízo da Xunta as actuacións incluídas no seu Plan de Banda Larga deben servir como pulo para solucionar o escaso uso da rede por parte das empresas e, máis polo miúdo, para pórlle fin á existencia dos seguintes indicativos:

• En Galicia unicamente o 24,4% das empresas de menos de 10 empregados, segundo se indica nos informes do Observatorio Galego da Sociedade da Información feitos no ano 2007, levaron a cabo compras por Internet, taxa que sube só até o 32,1% para o caso das firmas de máis de 10 traballadores. A maiores, a porcentaxe de empresas que segundo os datos dos ditos informes vendía a través da Rede *"é moi inferior ás que mercan"*. De feito, as taxas de empresas que comercializan e distribúen a través da Internet é do 9,4% para as empresas de menos de 10 empregados e do 10,9% para as de máis de 10.

• Unicamente o 4,7% das firmas galegas cunha equipa de traballadores inferior a 10 e o 7,3% das empresas con máis de 10 fixeron uso do método da facturación electrónica.

• O 67,4% das empresas galegas de máis de 10 empregados con conexión a Internet interactuaron coas administracións públicas mediante esta canle dixital.

Chega o WiMAX aos polígonos industriais de Arzúa e Meaño

Proseguindo co seu labor de levar Internet de alta velocidade a tódolos polígonos industriais de Galicia, a Xunta fará posible que, en breve, os empresarios e empresarias dos polígonos de Arzúa e Meaño poidan dispor de acceso á Rede para a súa actividade diaria, algo que na sociedade actual se converteu xa nunha ferramenta imprescindible para competir no mercado en igualdade de condicións.

Xa que logo, estas dúas áreas industriais disporán de Rede WiMAX para acceder á banda larga a partir de mañá martes, 2 de marzo, posto que ámbolos dous se incorporan ao proxecto WiMAX en polígonos industriais e parques que está a desenvolver a Secretaría Xeral de Modernización. A intención do Executivo galego é *"paliar as carencias no acceso a Internet de banda larga nestes puntos"* xa que, segundo afirman, *"as deficiencias no acceso a unha Rede de calidade nestas zonas provocan unha diminución considerable na capacidade das empresas alí radicadas para competir no mercado actual"*.

A incorporación a esta iniciativa do Parque Empresarial de Arzúa e do Polígono Industrial de A Pedreira, no Concello de Meaño súmase a outros 25 parques da Comunidade que xa tiñan operativa a citada rede e, segundo informan dende a Xunta, *"outros sete parques empresariais e polígonos industriais incorporaranse ao proxecto nos vindeiros meses"*.

O obxectivo deste proxecto é solucionar o acceso a Internet das diferentes empresas situadas nestes emprazamentos mediante unha actuación que conta cun orzamento de 4,8 millóns de euros, e que, sufragada en parte por fondos FEDER, se iniciou xa en febreiro de 2008. Neste sentido, a implantación da WiMAX –rede que permite a transmisión de datos empregando ondas radioeléctricas– permitirá aos polígonos arranxar unha grave carencia ao tempo que dotará as diferentes zonas dunha gran capacidade de atracción para acercar novas empresas.

Lugo e Ourense, as máis deficitarias

O exame da Internet de calidade no eido residencial achega un mapa de 780.000 galegas/os sen acceso

Máis información en imit.xunta.es

Redacción

No que se refire ao sector residencial, infórmase nos estudos elaborados ao abeiro do Plan de Banda Larga da Xunta, os resultados das análises amosan un mapa de telecomunicacións con máis de 780.000 galegas e galegos sen posibilidade de acceso a banda larga, "*o que supón a cuarta parte da poboación de Galicia*". Máis polo miúdo, dise, 564.262 cidadáns do país viven en núcleos de poboación sen alternativa de redes de calidade, e 221.990 residen en zonas de sombra dentro de núcleos con banda larga.

A nivel de provincia, tanto Lugo e Ourense son as máis deficitarias neste eido, con máis do 40% da súa poboación vivindo sen posibilidade de acceder a unha Internet accesible e con capacidades, mentres que para o caso da Coruña e Pontevedra esa porcentaxe redúcese até unha cifra que anda preto do 24%.

"*Obviamente*", engádese nos estudos, *"e como non podía ser doutro xeito, a poboación dos núcleos máis pequenos é a máis afectada neste aspecto: mentres que nos núcleos de máis de 1.000 habitantes a dispoñibilidade de banda larga sube até o 82,2% da poboación, nos núcleos pequenos, de menos de 1.000 habitantes, anda a rentes do 40%"*. Isto, infórmase, non fai máis que dar conta da magnitude do actual desequilibrio territorial en Galicia, e por tanto da falta de vertebración do noso territorio. Para rematar, cómpre salientar que dos case 2.000.0000 galegos que si acceden á banda larga, arredor de 800.000 fano en zonas nas que só un operador achega este servizo, zonas grises, o que supón que unicamente un 40% dos galegos se atopan neste intre en áreas onde existen cando menos dúas empresas provedoras de redes de alta velocidade.

▲ **O noso rural, sobre todo o do interior, aínda non conta coa oferta debida de conexión ás redes**

En marcha unha oficina para informar do plan a empresas e cidadáns

O plan actual da Xunta para levar as redes de alta capacidade a tódolos recantos da nosa terra conta xa cun instrumento de comunicación ao servizo da cidadanía e orientado a resolver tódalas dúbidas que poidan xurdir sobre o devandito programa. Esta iniciativa específica, do mesmo xeito que o propio programa no que se insire, vén da man da Secretaría Xeral de Modernización. A Oficina do Plan de Banda Larga (oficina.bandalarga@xunta.es), así se fai chamar, encamíñase (máis polo miúdo) a ofrecerlles aos operadores e axentes implicados asesoramento e soporte técnico no desenvolvemento de proxectos e á sociedade por enteiro "*unha resposta rápida á demanda de datos sobre o plan, tanto sobre a implantación das novas redes como sobre posibles incidencias*", sinala o dito departamento da Xunta nun comunicado.

Por certo que o centro de información, engádese, non se limitará unicamente a comunicar detalles sobre o labor de despregamento, senón que tamén exercerá de eixe visible de operacións, elemento coordinador das distintas accións derivadas do plan. A idea disto é achegar "*unha visión global*" do proceso, así como favorecer o impulso "*homoxéneo*" das actuacións dentro dos prazos e orzamentos previstos. A Oficina tamén terá feitura de emprazamento para a redución de riscos.

Tanto cidadáns como axentes implicados no despregamento da banda larga poden solicitar información a través do teléfono 981 95 78 68, en horario de 9:00 a 15:00h de luns a venres, e na dirección de correo electrónico **oficina.bandaancha@xunta.es.**

Máis rede para afianzar produtividade e competitividade

▲ **Núñez Feijoo e Mar Pereira durante a posta de longo do programa de banda larga**

▲ **Outra imaxe da presentación en Lugo do Plan de Banda Larga da Xunta**

Nos actuais tempos, Galicia debe aproveitar para adaptarse a unha nova economía na que prime a produtividade e a competitividade e abra a porta á xeración de novos empregos e á identificación de novos mercados.

A solución para levar a cabo este cambio parece clara, o noso modelo económico debe evolucionar cara á nova Sociedade da Información. E para iso, non podemos conformarnos con situarnos a carón dos países máis avanzados no referente ao emprego das tecnoloxías da información e comunicación na nosa vida cotiá, senón que debemos situarnos coma unha rexión de referencia.

Para acadar esta meta é imprescindible garantir que as infraestruturas de telecomunicacións proporcionen o acceso a unha rede de calidade a todos os galegos, obxectivo primordial do Plan Banda Larga de Galicia 2010 - 2013.

Coa execución do Plan, a Xunta velará por asegurar que Galicia conte coas infraestruturas de telecomunicación de banda larga necesarias para garantir a máxima vertebración territorial e social impulsando, mediante fondos públicos e privados, o investimento en novas redes para as zonas con dificultades de acceso ás novas tecnoloxías, como é o caso do medio rural galego.

Deste xeito, todos os galegos terán a posibilidade de extraer o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías como dinamizadoras económicas e xeradoras de competitividade e innovación nos diferentes sectores produtivos.

> ***O Plan de Banda Larga convértese na chave da Galicia do futuro***

Ademais, outro aspecto moi importante do investimento en infraestruturas de banda larga é que permitirá promover os servizos públicos de calidade contribuíndo a mellorar significativamente a súa eficiencia e produtividade. De feito, a dispoñibilidade de acceso á banda larga permitirá aspectos tan importantes como que as novas xeracións acaden un nivel formativo nas novas tecnoloxías que facilite a súa integración na nova economía dixital ou que os sistemas de saúde melloren a atención ao cidadán, e en xeral, posibilitarán mellorar o acceso á información e servizos que ofrecen as Administracións Públicas, o que sen lugar a dúbidas mellorará a calidade de vida dos nosos cidadáns.

Por tanto, o Plan de Banda Larga 2010 – 2013 convértese na chave da Galicia do futuro deixando atrás as barreiras territoriais para acceder á información e permitindo así a interconexión de todos os galegos, vivan onde vivan. Galicia contará ao remate do ano 2013 coas infraestruturas de telecomunicacións de banda larga propias dunha sociedade avanzada e esenciais para o desenvolvemento económico e social.

Por Belén Ferreiro,

Coordinadora do Plan de Banda Larga 2010-2013
Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia

Código QR

Vídeo da presentación do Plan de Banda Larga

A Xunta "pule" as súas ferramentas en liña

Educación renova a súa web e Facenda activa o seu rexistro electrónico de facturas

Redacción

O Portal Educativo da Xunta de Galicia, (edu.xunta.es) unha ferramenta que ao longo dos últimos anos incrementou de xeito considerable o seu número de visitas ao ofrecer unha chea de contidos e información de utilidade tanto para mestres como para alumnos e opositores, vén de migrar a unha plataforma web renovada na que os internautas poden acceder dun xeito máis dinámico á información que lles interesa en cada intre e aos servizos ofrecidos pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

A nova web, que se enmarca dentro das iniciativas coas que a Xunta di promover o software libre, presenta unha estrutura unificada co resto dos portais da Administración autonómica, o que, segundo informan dende o Executivo, "*redunda nunha maior accesibilidade para o usuario, que atopa as mesmas referencias en todas as webs*".

Trátase dunha aposta da Consellaría polo emprego de software libre, para "*que sirva como exemplo dentro do eido educativo e para facilitar a evolución futura da ferramenta en tódolos aspectos*".

A decisión deste departamento por decantarse por unha plataforma baseada en software libre vai mellorar, segundo afirman, *"a súa futura evolución, facilitando a incorporación de funcións e servizos dirixidos a achegar a administración electrónica a todos os eidos educativos e para implantar e fomentar o uso das TIC no proceso educativo"*.

O novo deseño da web sitúa na páxina de inicio os principais servizos da Consellaría, así como as novas de actualidade e os anuncios, *"presentados con atractivos elementos gráficos e unha estrutura limpa e clara"*, engaden fontes de Educación.

Na parte superior, a información aparece compartimentada por colectivos, co que os usuarios poden atopar dun xeito máis sinxelo a información do seu interese. Outra das novidades do Portal educativo é a incorporación dun buscador cunha mellorada funcionalidade, que permite incluso a busca avanzada por temas, colectivos ou departamentos.

Logo desta migración, a Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos da Consellería de Educación vén de anunciar que "*segue a traballar para conseguir unha plataforma flexible de tal xeito que se poidan incorporar no futuro servizos complementarios tales como ferramentas de traballo colaborativo*"; a intención deste organismo tamén é ampliar os servizos ofrecidos.

Facenda activará o seu rexistro electrónico de facturas o día 26

Nos tempos que corren, onde case que tódalas empresas (grandes, medianas e pequenas) teñen problemas de liquidez e atopan dificultade á hora de facer os pagos de débedas que veñen arrastradas por impagos de débedas doutras empresas, faise moi necesario que polo menos as entidades públicas fagan algo para reducir o tempo dos seus pagos, e iso conséguese botando man, como pasa con outras moitas cousas, das novas tecnoloxías.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, vén de confirmar que o vindeiro día 26

de febreiro comezará a funcionar na Administración autonómica o rexistro electrónico de facturas, que garantirá que *"o pago das facturas por parte da Xunta de Galicia se faga en 45 días, 15 menos que o máximo legal".*

Trátase dun compromiso por parte do Goberno da Xunta que *"pretende mellorar as canles de contratación entre a administración e as empresas",* ao tempo que lle dá pulo á Sociedade da Información no noso país "ao permitir establecer unha estratexia de modernización da propia administración".

O novo rexistro, moito máis moderno, tamén permite, engaden fontes do Goberno galego, simplificar trámites e reducir os custes de xestión das operacións, algo que é moi beneficioso tanto para a propia administración como para as empresas.

Para levar a cabo con éxito este proxecto, a consellaría de Facenda tivo que crear un Portal Electrónico no que centralizar as facturas (tanto as dixitais como as impresas), incorporalas ao sistema e consultar o seu estado de tramitación.

Asemade, segundo sinalou Fernández Currás,"o sistema disporá de información relevante para a Administración, tanto desde o punto de vista orzamentario como de xestión da tesourería, e os provedores poderán coñecer o estado no que se atopan as súas facturas, o que aportará unha gran transparencia ao proceso", indicou.

A conselleira tamén salientou que a propia Administración poderá coñecer e xestionar axeitadamente a súa propia facturación e entre os beneficios do novo servizo en liña destacou, *"un mellor servizo a cidadáns e empresas, menores custes, mellorar a liquidez das empresas, así como unha xestión moderna, rápida e eficaz".*

A posta en marcha da factura electrónica supón un punto de inflexión no desenvolvemento da estratexia TIC da Xunta de Galicia como un requirimento para avanzar e consolidar o desenvolvemento da administración electrónica.

No acto de presentación, que tamén contou coa presenza do director do CIXTEC, Mauro Fernández, entre outras personalidades, fíxose unha demostración práctica do funcionamento deste sistema electrónico, e este último explicou como vai funcionar o sistema dende que a factura entra na Administración a través do Portal de entrada de facturas, así como a súa validación e conformación, ata que se produce o seu cobro por parte do interesado.

Ademais, Mauro Fernández explicou, que este sistema permitirá centralizar e tratar de maneira uniforme todas as facturas emitidas polos distintos provedores da Administración, co que se obterá "*unha xestión máis rápida e eficiente das mesmas".*

Máis en:
www.conselleriadefacenda.es.

Escolasinfantis.net recibe preto de 75.000 visitas no último cuadrimestre

A páxina web de escolas infantís (www.escolasinfantis.net), impulsada pola Xunta co fin de ofrecer variedade e cantidade de información actual sobre a rede de escolas infantís da Administración, leva recibidas nos últimos catro meses, entre setembro de 2009 e finais de xaneiro de 2010, preto de 75.000 visitas de usuarios diferentes, unha media de 700 visitas ao día.

A web, ademais de información encamiñada a servir de recurso útil para o sector da educación e os pais de alumnos do noso país, ofrece as últimas novas e información xeral sobre listas de admitidos e períodos de matriculacións das escolas infantís galegas, así como respostas ás dúbidas máis frecuentes dos usuarios.

Asemade, amósalles aos internautas os pasos que deben dar para crear o seu propio blog e tal é o éxito deste servizo que xa están colgados na web un total de 99 blogs de centros e 165 persoais.

Os contidos creados polos usuarios son diversas publicacións, que suman 4.500, e existen case 2.700 comentarios a estas publicacións. Esta cifra pon de manifesto a rede que se crea cos blogs, xa que segundo diversos analistas por cada comentario, unha publicación rexistra entre 30 e 50 lectores distintos. De feito, o departamento autonómico destacou que as publicacións nos blogs "son moi seguidos polos pais e nais e polos educadores dos centrosç2.

No que se refire aos aspectos máis tecnolóxicos, a web conta con 100 GB de tráfico mensual, cen veces máis que no ano 2007 e mostra 20.000 fotografías e uns 370 vídeos, ademais de 80 cancións e 380 presentacións.

Con este proxecto, a Consellaría de Traballo e Benestar, que seguirá a incluír novidades no portal, pretende "integrar nas escolas infantís as novas tecnoloxías da información e comunicación".

Entre as citadas novidades que dito departamento vai incluír destacan a promoción do uso do comedor virtual por parte dos pais e nais co envío de receitas o visitas aos menús escolares; o fomento da creación de novos recursos para os nenos e nenas a través de ferramentas pedagóxicas que, ademais dos propios educadores poidan utilizar os pais e nais; e a posta en marcha do 'portfolio', unha carpeta que incluirá os traballos dos cativos para que os seus pais podan velos na web.

Empresas galegas en liña, que malo será

A nosa Internet colle forza como fervedoiro de propostas e achados innovadores

Gadis lanza a web Bebegadis.com para os pais novatos

Redacción

A cadea de supermercados Gadis, coñecida por levar o peculiar estilo de vida dos galegos alén das nosas fronteiras, así como por facer famoso o noso lema por excelencia, "*malo será*", vén agora de estrear unha peculiar iniciativa, a acción Bebé Gadis, que consiste entre outras cousas en lanzar unha páxina web con consellos de profesionais e información de interese para os pais novatos, nunha nova acción de apoio ás familias.

Gadis puxo en marcha este proxecto para as familias de Galicia e O Bierzo as cales, se teñen un fillo ou unha filla ao longo deste ano, recibirán unha canastiña con produtos de alimentación e de hixiene para o coidado do bebé e da nai, así como unha práctica bolsa, consolidando a súa filosofía de proximidade ao cliente nun momento tan especial.

A entidade galega lanza a web **Bebegadis.com**, con consellos e información de utilidade sobre o coidado dos bebés, un novo espazo en Internet que se caracteriza pola súa interactividade cun foro habilitado para os pais, e pola posibilidade de propoñer dúbidas e consultas a un profesional, quen resolverá as cuestións relacionadas coas necesidades dos acabados de nacer.

As persoas que accedan a esta web, segundo veñen de informar dende a compañía, poderán participar no sorteo quincenal dun portabebés, sempre e cando se rexistren previamente.

Captura da nova web de Gadis

A acción Bebé Gadis xa comezou e para recibir a canasta cos agasallos, é preciso entregar un formulario en calquera dos 172 supermercados Gadis de Galicia, Ponferrada, Astorga e Bembibre, adxuntado unha fotocopia do DNI e do libro de familia.

Buscadestinos.com promove a Rede participativa coa súa oferta de hoteis a 1 euro

A páxina galega Buscadestinos.com, especializada en aforrarlles tempo e esforzos aos usuarios da Rede que anden procurando un lugar ao que desprazárense, vén de anunciar o lanzamento dunha interesante oferta dirixida a poñerlles as cousas aínda máis doadas (e máis baratas tamén) aos internautas, tanto aos que viaxan longas distancias como aos que non. Máis polo miúdo, trátase da promoción X1EURO (buscadestinos.com/x1euro), lanzamento que consiste en pór cada semana, ao alcance de 15 membros da comunidade en liña, unha noite de hotel polo prezo de 1 euro. A oferta vén con dúas peculiaridades. Primeira: a estancia levarase a cabo nun hotel da cidade na que reside o gañador. Segunda: á volta da estancia, os gañadores teñen que completar un comentario sobre o establecemento en cuestión e dos lugares que recomenda visitar da cidade, amais de pasarlle a Buscadestinos dúas fotos e un vídeo da experiencia.

A canle para elixir a quen se vai facer con esta promoción é a seguinte: a través dun concurso que se desenvolve cada luns (e os venres no caso de haber repesca) na páxina do servizo galego no Facebook. Segundo apuntan os responsables desta iniciativa, a resposta da xente está a ser moi boa, acadándose un amplo nivel de participación (sobre todo de internautas galegos) e de repercusión, sendo moitos os usuarios que logo dan conta da súa experiencia en cadanseu blog ou espazo de rede social (Twitter, Facebook, etc), favorecendo o *"boca a boca"*. Para facérmonos unha idea, a día de hoxe xa hai máis de 2.000 persoas inscritas na promoción.

O buscador de viaxes da web galega, Buscadestinos

"O mellor de todo isto", sinala José Alcañiz dende Buscadestinos.com, *"é que tamén beneficia aos usuarios da nosa web, que deste xeito contan con comentarios de máis calidade sobre os hoteis, ademais de valoracións de persoas que residen na cidade de destino, que sempre son valoradas"*. Podemos consultar as bases da promoción na web www.buscadestinos.com.

Krasis agasalla en Madrid mil libros de promoción en liña

A empresa galega Krasis, con sede en Vigo e Londres, que este ano cumpre 10 anos de actividade ofrecendo formación en novas tecnoloxías e Internet a empresas do sector, distribuíu, con motivo da recente celebración da feira de marketing en liña OMExpo en IFEMA, até mil exemplares dos seus libros de email marketing entre os visitantes.

Sinalar que Theemailingexperience.com é un dos blogs sobre técnicas de promoción en liña máis populares a nivel español e agora vén de converterse en libro, cunha tirada de 1.000 exemplares, para ser entregado como agasallo para tódolos profesionais do sector que se achegasen á OMExpo.

Porén Krasis non só repartiu 1.000 volumes deste libro, que conteñen 49 post extraídos especificamente de entre todo o publicado dende a súa posta en funcionamento en 2007, senón que asemade aproveitou a ocasión para presentar oficialmente a súa nova canle en Twitter @mailcast, que leva funcionando en probas dende comezos deste mes; o Correo electrónico marketing tweet a tweet onde dun xeito innovador Krasis ofrecerá consellos breves para facer campañas, introducirá recensións de artigos, publicacións do sector, novidades... e manifestarase un profundo interese por un concepto que preocupa moito ás grandes corporacións, a Reputación 2.0.

A galega Sdweb presentou en Barcelona os seus proxectos deseñados con Drupal

A edición española do encontro tecnolóxico Drupal Camp (www.drupalcamp.es), especializado no intercambio de información e experiencias arredor do dito xestor de contidos aberto e multifuncional, conseguiu reunir a finais de febreiro en Barcelona a máis de 350 usuarios e deseñadores de programas baseados neste recurso. A xuntanza, que serviu tamén para debater e pór en común as potencialidades do dito xestor de contidos de software libre (que, por certo, xa dá alicerce á páxina web corporativa da Casa Branca, entre outros sitios de renome), contou coa presenza da empresa galega Sdweb – Solucións Dixitais (www.sdweb.es/gl), firma que leva dous anos traballando co Content Management System (xestor Drupal) e que conseguiu, ao seu abeiro, poñer en marcha todo tipo de proxectos tecnolóxicos personalizados para os seus clientes (doados de empregar, libres de licenzas e con medre modular) e unha páxina web propia de seu que é como unha tarxeta de presentación do seu traballo sobre a plataforma Drupal.

A xuntanza celebrada en Barcelona, informa a firma galega, contou con relatorios sobre temas tan diversos como a metodoloxía de traballo en proxectos TIC, a escalabilidade do software ou a súa integración con outras ferramentas como Zimbra ou Alfresco, a creación de distribución e produtos, a adaptación a tecnoloxías móbiles ou a realidade aumentada.

Polo que atinxe á achega da firma galega, dicir que se centrou sobre todo na presentación de proxectos deseñados con esta tecnoloxía, como por exemplo as páxinas www.dameuntoke.es (manual interactivo para a supervivencia da mocidade, posta en funcionamento para o Concello de Narón), www.santjoandedeu.edu.es (sitio en liña da escola de enfermería da Universitat de Barcelona) e a propia www.sdweb.es (páxina corporativa propia de seu, onde se dá conta polo miúdo das vantaxes de Drupal e das iniciativas que se poden despregar ao seu abeiro).

O que somos, por diante

Ofrecemos algúns dos máis recentes exemplos de actividade da nosa cultura na sociedade dixital

A obra gráfica de Castelao estará accesible na Rede

Redacción

O exhaustivo traballo de dixitalización da obra gráfica de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que realizou a Fundación que leva o seu nome poderá verse de preto na Rede e dende calquera recanto do mundo. O labor do padroado, que non se centrou unicamente en escanear e clasificar (senón tamén en atopar até o último debuxo do artista e político rianxeiro, algún case que perdido no eido da emigración), desenvolveuse ao longo de 25 anos e, segundo se conta na web Xornal.com, poderá ser visto nas webs da Fundación e do Centro Superior Bibliográfico de Galicia.

A obra localizada e dixitalizada, que lle foi entregada á Consellería de Cultura o 29 de xaneiro, preséntase como unha aposta por preservar a identidade galega a través dunha das figuras humanas que máis soubo resumila, agora máis presente ca nunca no acubillo multicanle da Rede.

A iniciativa, que contou con Miguel Anxo Seixas (vicepresidente do dito padroado) en labores de dirección, recibiu un importante pulo orzamentario co anterior goberno da Xunta, que puxo en xogo subvencións para a contratación de bolseiros e así dar atopado até a máis recóndita das pezas gráficas de Castelao, algunhas das cales xa se daban por desaparecidas.

Os traballos deron com resultado 3.800 entradas, na súa maior parte imaxes da obra de Castelao. Segundo engade Xornal, semella que os apoios a este labor de dixitalización non rematarán co devandito, e nesta liña inclúese o compromiso da actual Consellería de Cultura para facer que a catalogación estea agora na Internet, en libre consulta para investigadores de toda a comunidade en liña, consulta que como dixemos poderá levarse a cabo a través da páxina web da Fundación Castelao e da web do Centro Superior Bibliográfico de Galicia, axiña emprazado na Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura de Santiago.

O vídeo *Orgullos@s do galego* bate récords

Ben sexa por afinidade co que se conta, ben polo contrario, o certo é que o vídeo posto no YouTube pola Coordinadora Galega de ENDL arrincou ao pouco de ser habilitado (un día) unha racha de visitas que xa quixeran moitos outros, máis afeitos ao rebumbio nos medios, para si mesmos. Deste xeito, e malia que moitas das visitas (a xulgar por unha parte dos comentarios) non foron precisamente para felicitarnos por ter unha cultura e máis unha lingua e gabarnos diso, mentres se lle daba forma a este texto (un día despois da chegada a YouTube) xa se estaba a enfiar o camiño das 16.000 visitas.

Para quen non o saiba, ou non vise o vídeo, dicir que conta con algunhas das faces máis representativas da nosa cultura, tanto dentro como fóra da nosa terra, todas elas levando a cabo o que por desgraza cómpre seguir facendo con todo o que se andou: lembrarlles a moitos dos de fóra (e a moitos dos de dentro) que hai unha lingua e unha cultura que coidar, non un dialecto (malia que a xulgar polos comentarios de certos internautas, a Rede non conseguiu nada para quitarlles esa teima dos miolos).

No vídeo podemos ver a xente como Martiño Rivas, Belén Regueira, Antón Reixa, Susana Seivane, Luís Tosar e María Castro declarando o seu orgullo polo noso. Tras a elaboración desta peza atópase a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, formada por equipos de traballo de centros públicos, centros privados e concertados, en activo dende abril de 2009. Entre os seus obxectivos cóntase contribuír ao fomento da lingua galega en todas as cantes de comunicación (incluída a Rede) e en todos os contornos sociais.

Código QR

Vídeo *Orgullosos do galego*, que tanto éxito acadou

Mapa Cultural Galego baseado en realidade aumentada

Recentemente o Consello da Cultura Galega presentou a súa primeira incursión na realidade aumentada, tecnoloxía emerxente que vincula a realidade física a capas de datos almacenadas na Internet, nunha experiencia conxunta coa empresa especializada en servizos de xeolocalización Sixtema, no que dáse en chamar Mapa Cultural Galego, e que consiste nunha capa de datos para a aplicación Layar (dispoñible para terminais móbiles baseados en Android e para o iPhone) que permite aos usuarios de terminais que combinen cámara, GPS e compás para representar sobre a realidade datos de 5.000 equipamentos culturais xeorreferenciados en toda Galicia.

Deste xeito, dende a pantalla do móbil podemos ver sobre a imaxe que temos diante información sobre museos, galerías de arte ou centros sociais, entre outros, achegando numerosos datos técnicos sobre os mesmos coma o seu teléfono ou enderezo web.

Á presentación deste nova capa de datos para Layar asistiron Xosé López, vicepresidente do Consello da Cultura Galega; Hakan Casares, coordinador do Observatorio da Cultura Galega; Alejandro Lamas, de Sixtema e Manuel Gago, director do portal Culturagalega.org, en representación dos distintos axentes que colaboraron en levar á realidade

esta interesante iniciativa que ilustra axeitadamente as posibilidades tecnolóxicas que abren os novos dispositivos que cada día son dun uso máis común.

As universidades galegas e do Norte de Portugal amosan o seu patrimonio na Rede

A colaboración educativa e comunicativa entre ámbalas dúas beiras do Miño só podía ir a máis co afianzamento das canles dixitais do coñecemento. Se a isto lle engadimos a existencia de iniciativas de colaboración como o CEER, moi centradas no intercambio de recursos a través das redes, entón é probable que o número de pontes que unen unha terra a outra, terras irmás por outra banda, sexa xa máis abondoso no plano dixital ca no puramente físico. Por certo que o CEER, Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais, estivo a facer reconto (www.fceer.org) do acadado ao longo dos catro anos de vida do seu Museo Virtual Universitario da Eurorrexión, mostra dixital sometida a un proceso de medre continuo e na que traballan arreo as universidades públicas de Galicia e máis do Norte de Portugal.

Podemos velo en www.museovirtualuniversitario.org.

O espazo, que segundo os seus responsables foi o primeiro da súa índole que se puxo en marcha dentro do eido universitario da Península, dá acubillo a recursos museísticos do patrimonio científico e cultural das universidades de Santiago, A Coruña, Vigo, Porto, Tras os Montes e Alto Douro e Minho.

O museo, que integra unha ferramenta de Google Earth que fai posible o desprazamento por estes espazos xeográficos irmáns e o seu coñecemento común, é unha das principais referencias ou fontes de inspiración da iniciativa de intercambio cultural e investigación configurada pola Universidade de Barcelona

De sede bancaria a obradoiro TIC

Caixanova promoverá as novas tecnoloxías dende o seu Centro Social da zona vella de Santiago

Redacción

Fachada do Centro Social en Santiago de Compostela

Sala de exposicións temporais do Centro Social Caixanova

Caixanova (**www.caixanova.es**) está a levar a cabo no centro histórico de Santiago un importante labor de rehabilitación de edificios antigos, un deles tan salientable como a sede do Banco Gallego na praza de Cervantes, que precisamente se vén de inaugurar a comezos de febreiro na súa nova e remodelada feitura. Por certo que o inmoble, que será o Centro Social de Caixanova na cidade, abrangue na súa nova andaina todo tipo de estratexias para a promoción do coñecemento, incluído o fomento en Compostela das novas tecnoloxías da información ou da arte nas súas diferentes manifestacións.

A idea da entidade bancaria galega é dinamizar o corazón da cidade antiga, sendo o acceso e a potenciación das novas canles dixitais un dos principais reclamos do edificio, amais de cuestións como a asistencia social, a formación, o medio ambiente ou o fomento do emprego.

Cómpre lembrar que a reconstrución deste novo centro social, un inmoble construído a finais do XIX e ligado dende o seu inicio ao Banco Gallego, veu da man do arquitecto compostelán José Luis Pereiro (bisneto do creador da construción), quen tivo que traballar sobre unha base de dimensións considerables: até 5.000 metros cadrados de superficie. A nova infraestrutura, informa Caixanova, dispón de tres salas de exposicións, unha sala de conferencias, aulas e obradoiros para o desenvolvemento de accións formativas, salas de reunións e un emprazamento para a Escola de Negocios e o Instituto de Desenvolvemento Caixanova, amais dun centro de información para inmigrantes.

Polo que atinxe ás aulas, que serán en boa medida o epicentro da vida dixital do edificio, dan acubillo a equipamento para a realización de obradoiros audiovisuais (incluída a edición de vídeo en alta definición), de composición musical ou de fotografía dixital. Entre as accións programadas atopamos as seguintes: creación de curtas, posta en marcha de canles de TV en Internet, lanzamento de emisoras de radio pola Rede, fotografía de retrato, ferramentas para crear música ou podcasts, etc. Estes espazos de formación, orientados a todo tipo de usuarios (xente nova ou maior, profesionais, estudantes ou seareiros), tamén albergarán iniciativas sobre desenvolvemento de páxinas webs, blogs, intercambio de fotografías pola Rede ou uso das redes sociais.

> A idea da entidade bancaria galega é dinamizar o corazón da capital de Galicia

Amosan en Barcelona o futuro dos móbiles

Marcus Fernández

Entre os días 15 e 18 de febreiro celebrouse en Barcelona unha nova edición do Mobile World Congress, a meirande feira de telefonía móbil do mundo, que serve para que moitos fabricantes amosen as súas creacións para o que resta de ano, aínda que con dúas importantes ausencias, Apple e Nokia, que teñen eventos de seu para dar a coñecer os seus produtos.

Windows Phone 7 series

O conselleiro delegado de Microsoft, Steve Ballmer, presentou o que será a futura versión do sistema operativo para móbiles da súa compañía, que responderá ao nome de Windows Phone 7 Series, coma unha renovación absoluta da plataforma móbil de Microsoft, que engade entre outras prestacións a plataforma de xogos Xbox LIVE e as prestacións multimedia do Zune, cunha interface orixinal que non busca imitar o que está a facer actualmente a competencia, chegando a sorprender como proposta por parte dunha empresa tradicionalmente conservadora neste ámbito.

A interface de usuario do Windows Phone 7 divide as aplicacións en áreas chamadas hubs, que serían: Xente (contido relativo aos nosos contactos e ás redes sociais), Imaxes (para compartir fotografías e vídeos), Xogos (integración con Xbox LIVE), Música+Vídeo (o reprodutor multimedia Zune levado ao móbil, incluíndo as súas funcións sociais de recomendación e compartición de música), Marketplace (tenda de descargas) e Office (versións móbiles do paquete ofimático de Microsoft).

O ano do Android

Pero se algo quedou claro durante a feira é que o sistema operativo móbil promovido por Google ten moito futuro, e o propio Eric Schmidt, conselleiro delegado de Google, fixo acto de presenza para amosar o potencial de Android, dando a coñecer unha prestación máis deste sistema consistente na aplicación dentro de Google Goggle de tecnoloxía de recoñecemento óptico de carácteres (OCR) combinado coa tradución automática, de xeito que ao captar coa cámara do móbil un texto podemos obter a súa tradución a un dos máis de 50 idiomas que soporta Google Translate.

No tocante a fabricantes, HTC aproveitou o encontro presentar 2 novos terminais de telefonía móbiles que veñen a ser versións *evolucionadas* ou simplemente *diversificadas* doutros dispositivos fabricados pola compañía, sendo o máis rechamante o HTC Desire, que vén a ser o equivalente ao Nexus One, pero incorporando de serie a interface Sense e substituíndo o *trackball por un trackpad* óptico e o HTC Legend (considerado coma un HTC Hero con carcasa de aluminio). Ambos chegarán ao mercado no mes de abril, e Vodafone foi a primeira compañía en confirmar que os incorporará ao seu catálogo.

Telefónica entrará no mercado dos e-book

A operadora de referencia en España anunciou que xa ten pechados acordos coa Biblioteca Nacional e coa empresa de distribución de e-books Publidisa (cun catálogo de máis de 20.000 títulos), nunha aposta polos *eReaders conectados*, unha nova categoría de trebellos que abre un inédito concepto de uso para os actuais libros electrónicos e amplía o potencial da dixitalización dos contidos editoriais.

Este novo concepto ten que desenvolverse en dúas liñas: a dos dispositivos e a dos contidos. Nesta última, Telefónica mantén contactos cos principais provedores, e incluso conta cun expositor no Mobile World Congress no que, co apoio de Santillana, Anaya e Vocento, presentan algúns exemplo do que permitirá esta tecnoloxía de dispositivos conectados dun modo *aberto*, coma serían guías de viaxe interactivas, revistas enriquecidas con contidos multimedia ou sistemas de formación infantil (para o que contan coa colaboración de Telefónica Learning Services).

Os dispositivos de lectura de e-books actuais son bastante limitados, resultando unha simple tradución dos contidos do papel a un formato electrónico, pero dende a división de Contidos e Aplicacións de Telefónica consideran que os «*contidos dixitalizados van moito máis alá (..) dende o seu enriquecemento con formatos multimedia e interactivos, utilizando as capacidades dos terminais, as pantallas táctiles e os televisores existentes; a incorporación de datos referentes á conexión; o acceso á mesma información de xeitos moi diversos (dende un móbil, un PC, un dispositivo de lectura…)* cunha adaptación da experiencia adaptada a cada un deles».

Temos así unha porta aberta a novas posibilidades que nos vindeiros meses poderían revolucionar o xeito de consumir información.

▲ Telefónica presentou no MWC a súa aposta polos lectores conectados.

Catro anos de experiencia con blogs na docencia universitaria

A Universidade da Coruña aposta polo emprego de blogs como ferramenta de ensino

Antonio S. Río Vázquez

A Unidade de Investigación sobre Arquitectura do Departamento de Composición da Universidade da Coruña leva catro anos empregando blogs como apoio á docencia da materia Introdución á Arquitectura, que se imparte no primeiro curso da titulación en Arquitectura.

Dentro do curso inicial dos estudos, onde se inicia a formación do futuro arquitecto atendendo desde o primeiro momento ó triplo soporte reflexivo, proyectivo e construtivo do feito arquitectónico sitúase a materia Introdución á Arquitectura como a encargada de espertar e/ou acrecentar o interese pola Arquitectura e pola súa razón de ser, aproximándose ó seu concepto desde a teoría e desde a historia e fomentando a capacidade analítica, o sentido crítico e o desenvolvemento lóxico do alumno no amplo campo que vai desde a cidade ó deseño elemental, como territorio propio da Arquitectura. Trátase, por tanto, dunha materia de singular importancia, orientada a servir de ligazón entre a súa experiencia vital anterior co resto da súa carreira e a súa futura vida profesional.

Estamos detectando, ano tras ano, que os douscentos alumnos que ingresan anualmente perderon a actitude participativa de outros tempos. Con todo, o alumno de primeiro curso chega cun maior coñecemento das novas tecnoloxías, ferramentas e aplicacións vencelladas a sistemas informáticos e a internet. Rapaces que posúen un enorme potencial de adaptación a continuos cambios tanto por idade como por formación. Actualmente, a educación no noso país non avanza ó mesmo ritmo que o fai a tecnoloxía, como avisan desde a Unión Europea. Con todo, a rapidez das innovacións tecnolóxicas apenas permite que poida disporse da perspectiva necesaria para ter en conta

as dimensións organizativa, social e cultural dos seus usos.

Desde a materia vense expondo un continuo proceso de axuste de contidos e de tutoría dos alumnos na procura da máxima eficacia na súa implicación nos estudos, así como do máximo éxito na asimilación da materia.

A visión cara ao futuro cos cambios que implica a inmediata implantación do proceso de Bolonia, a incorporación de novo profesorado de idades e traxectorias persoais moi diversas que ademais fora formado na propia materia, as experiencias de terceiros, xunto coa intención de avanzar, convertéronse na oportunidade e ademais na excusa perfecta para indagar na procura de novas ferramentas de traballo que favorecesen o seguimento, a tutoría e o complemento do ensino presencial. É pois de capital importancia iniciar experimentos a fin de extraer conclusións sobre o que poderían ser a escola, a universidade e a formación do futuro.

As nosas pretensións eran moi heteroxéneas: Buscabamos o modo de fiar situacións diversas como son as clases maxistrais, as conferencias, as saídas, os debates, as prácticas, os anuncios e avisos relativos á materia. Pretendiamos unha ferramenta de fácil uso, sen aprendizaxe previa ou moi elemental para o neófito, onde a súa utilización non supuxese un esforzo extra e que permitise establecer unha comunicación claramente bidireccional pero sempre orientada. Queriamos que o alumno se involucrase sen dificultade fóra das horas de clase. Ansiabamos unha docencia non lineal e participativa, onde abrir novos temas non supuxese pechar outros.

Claramente, as aplicacións externas triunfaban ante as ríxidas opcións institucionais: As vantaxes da actitude 2.0 encaixaban á perfección no noso propósito de utilización dun modelo máis aberto. Si os mecanismos naturais da aprendizaxe están vinculados ao continuo proceso de experimentación e de reflexión,

a web 2.0 presentouse como un espazo útil que permite un rápido proceso de axuste para todos: lugar dos usuarios, lugar de interacción, lugar social, lugar tecnolóxico, escenario onde conflúen usuarios, servizos, medios e multitude de ferramentas. A primeira vantaxe que atopamos é precisamente a enorme facilidade para crear, xestionar e administrar contidos, que ademais poden chegar a interactuar entre si e permiten traballar sen ter uns coñecementos amplos de informática.

Dentro da variedade de aplicacións posibles, entendimos o formato blog como aquel que polas súas características mellor encaixaría nas nosas necesidades. Decidimos aloxalo en Blogger, pois nos parecía cómodo e flexible á hora de recibir, organizar e publicar información de calquera fonte, e cunha gran sinxeleza e inmediatez no seu uso, o cal era importante pois se intuía posible a utilización dunha crecente cantidade de aplicacións moi diversas e que puidesen ligar facilmente coas clases maxistrais tradicionais.

As entradas clasifícanse en tres tipoloxías principais: Internas, Externas e Outras. A primeira engloba todos os temas relacionados directamente coas clases impartidas: prácticas, visitas a obras, bibliografía, etc. Son as menos innovadoras posto que se limitan a traspor virtualmente o que sería un taboleiro de anuncios na aula. Con todo, desde o momento en que se abren a comentarios, o modelo tradicional transfórmase, logrando unha comunicación multidireccional difícil de lograr previamente. Na segunda tipoloxía tratamos de incorporar noticias de actualidade, información dispoñible en internet ou propostas dos propios alumnos que, sen ter unha relación directa coas leccións impartidas, a partir da súa publicación no blog e coa colaboración do profesor e outros alumnos, esta relación poida darse. Finalmente, a terceira tipoloxía englobaría as entradas de calquera outro tipo: Avisos puntuais que non teñan que ver coas leccións, problemas no funcionamento da aplicación, etc. Son as menos frecuentes e poucas veces tivemos que recorrer a elas.

O blog de *Introdución á Arquitectura* (iala0910.blogspot.com) consolidouse como unha ferramenta didáctica, útil e eficaz para alumnos e profesores que permite unha maior comunicación e fomenta a capacidade crítica e expresiva, ademais de ser unha posible forma de avaliación continua, como se expuxo nos Congresos Internacionais de Educación Universitaria realizados nos últimos anos en Xirona e Vigo. A experiencia descrita, que conta xa con catro cursos de desenvolvemento, tivo unha moi boa aceptación por parte do alumnado, polo profesorado –interno e externo ó centro, chegando incluso a realizarse colaboracións desde outras universidades– e supón un importante complemento da actividade tutorial e formativa, que sen substituir aos modelos de ensino tradicional, se presenta como unha alternativa docente a ter en conta no inminente Espazo Europeo de Educación Superior.

Xandre: un conto en liña galego, adaptable e accesible

Os responsables da web queren pór de manifesto que a Rede aínda fica sen posibilidade de uso para unha boa parte da nosa poboación

Redacción

A Rede non sempre é unha Rede. Ás veces, cando se impón sobre calquera outra cousa o peso do estritamente dirixido á maioría, aparéceselle ás minorías coma o seu contrario: unha estrada sen acceso nin saída. Isto non é aplicable á web galega da que imos falar de contado, unha páxina posta en marcha polo grupo TADEGA e que se sitúa a medio camiño entre un conto virtual e un foro de experiencias arredor dese conto e da accesibilidade dixital mesma. Falamos da proposta Contos de Xandre (www.contosdexandre.net), un sitio en liña que baixo o epígrafe Xandre, o elefante sen sombra diríxese a pór de manifesto entre a comunidade internauta a seguinte realidade: non todos os seus usuarios están na mesma disposición para facer uso igualitario dos seus servizos, propostas e equipamentos. Porén, e para que se entenda, os Contos de Xandre si que o está, de aí que todo o que aparece nela, o conto en si mesmo, sexa cen por cen adaptado e accesible para nenas e nenos con diversidade funcional. De feito, dispón de braille, lingua de sinais, pictogramas, audios, vídeos e outras canles e formatos.

A web, que como dixemos inclúe o miolo dun relato (o do elefante Xandre) e unha relación ben completa das experiencias e das reaccións xurdidas ao seu abeiro, tamén achega recursos didácticos e pedagóxicos desenvolvidos nos fogares e nas escolas a través do seu emprego. Segundo nos conta o equipo de TADEGA, responsable da páxina web, trátase dun conto aberto a diferentes variacións segundo as características do usuario, o que significa que está feito de maneira que poida ser usado por calquera persoa con independencia das capacidades ou discapacidades que lle afecten. A proposta xira arredor de Xandre, un elefante que non dispón de sombra por ter nacido distinto (conta con trompa na cabeza e non a cariña como os demais) pero que goza da sorte de ter unha nai que mira por el e que procura por todas partes (até na Web) unha solución para o seu fillo, non a restitución da trompa, senón da sombra que debería ter como todos os demais seres vivos. "Hai un paralelismo vivo entre esta historia e milleiros de historias de persoas con diversidade funcional, das súas familias e das súa comunidades educativas", coméntanos Xoán Fernández, da asociación responsable deste desenvolvemento.

Por certo que está previsto que o conto, que polo de agora só pode ser visitado virtualmente (a través do computador), dispoña en breve dun emprazamento non dixital, en papel. Así nolo contan os seus responsables: "Andamos á procura dunha editorial que se entusiasme co proxecto e queira convertelo en libro, reto nada doado polas esixencias da accesibilidade, pois tería que ir en braille ademais de en tinta, e posiblemente algo máis". A idea, con este novo reto, é conseguir que a mensaxe de redes no discriminatorias cale o máis fondo posible, preparando a porta de entrada ás mesmas e espallando a mensaxe en todo o que foi previo á creación das mesmas.

▲ **O neno Alberto, experimentando con Xandre**

Código QR

Trailer do novo *Castlevania*

CASTLEVANIA

O novo *Castlevania* non terá escenas *pre-renderizadas*

Marcus Fernández

Castlevania: Lords of Shadows non é só unha nova entrega da saga de xogos de Konami protagonizada por unha estirpe de cazadores de vampiros que buscan derrotar a un Drácula resucitado, senón que supón un reinicio da historia e está a ser desenvolvido polo estudo español Mercury Steam para PlayStation 3 e Xbox 360.

Entendemos así que este título estea a captar moita atención no contorno, pero o certo é que as expectativas espertadas están a ser moi elevadas, pois os gráficos que nos deixan ver nos distintos anuncios do xogo pintan realmente ben, a aventura de plataformas debería durar unhas 15 horas para un xogador medio (algo que está moi ben se atendemos á duración media dos xogos actuais) e a través de Twitter veñen de confirmar que o xogo estará libre de cinemáticas pre-renderizadas, ou sexa, que as secuencias narrativas do xogo correrán co motor do xogo e non serán vídeos, o que fará que a estética sexa moi coherente e sólida, evitando tamén a decepción do usuario, que en moitas ocasións ve trailers dun xogo que finalmente non se corresponde co xogo en si, senón en vídeos incluídos no mesmo.

FINAL FANTASY

As dúas primeiras entregas de Final Fantasy chegan ao iPhone

Código QR

Dez minutos do xogo para o iPhone

A pouco máis dunha semana do lanzamento en España do novo Final Fantasy XIII para Xbox 360 e PlayStation 3, chega para iPhone e iPod Touch os xogos Final Fantasy e Final Fantasy II, que saíran no Xapón nos anos 1987 e 1988 respectivamente a un prezo de 6,99 euros, o que sorprende por ser moito máis elevado do habitual nos terminais de Apple, onde o normal é que os xogos custen menos de 3 euros.

O primeiro Final Fantasy inclúe os 5 alxubes adicionais que chegaran nas reedicións Soul of Chaos e Labyrinth of Time, mentres que ao Final Fantasy II incorpóranselle os 5 alxubes adicionais as reedicións Soul of Rebirth e Arcane Labyrinth.

Cómpre lembrar que estas entregas da popular saga pasaron por multitude de plataformas como a NES, MSX2, Game Boy Advance, PSP e a consola virtual de Nintendo, polo que serve coma perfecto exemplo de que os clásicos resístense a morrer.

ALAN WAKE

Alan Wake chegará ás tendas o 21 de maio

Marcus Fernández

Dende o lanzamento da Xbox 360 vénse a falar dun grande título que están a desenvolver para a plataforma de xogos de Microsoft, AlanWake, que finalmente non entrará dentro da categoría do vaporware do ano, e converterase nunha realidade este mesmo ano, máis concretamente o 21 de maio, día no que chegará ás tendas españolas este xogo tanto na súa edición ordinaria coma nunha luxosa edición de coleccionista que incluirá o xogo cunha caixa cun deseño único, comentarios de audio dos desenvolvedores durante o xogo, un libro de 144 páxinas titulado The Alan Wake Files que inclúe unha historia escrita polo personaxe protagonista e que contén arquivos da súa investigación, un disco coa banda sonora, contidos descargables, temas de escritorio e elementos para o noso avatar de Xbox 360.

O prezo nos EE.UU. desta edición de luxo será de 79,82 dólares, mentres que o prezo europeo aínda non foi desvelado.

ASSASSIN'S CREED 2

Assassin's Creed 2 para PC só funcionará con acceso á Rede

As protección anti-copia nos videoxogos son unha medida moi criticada no pasado por supor en moitos casos unha molestia para o usuario legal, mentres que as persoas que piratean os xogos non atopan ningún atranco no uso dos xogos. Pois agora Ubisoft va levar o asunto a un novo nivel, pois a versión para PC de Assassin's Creed 2 contará cun novo sistema DRM que precisará que o ordenador que o execute conte con acceso á Internet a cada momento, de xeito que de perderse a conexión o xogo detense e volve ao menú principal sen gardar os avances dende a última gravación do estado do xogo.

Estas medidas veñen de ser confirmadas dende PC Gamer Blog, onde xa probaron unha copia do título para o seu análise, e manifestaron a súa preocupación ante as molestias que pode ocasionar a caída da conexión á Rede durante unha partida ou o feito de que é imposible xogar sen conexión á Internet.

A única vantaxe do novo sistema sería que ofrece a posibilidade de almacenar as partidas en liña, o que agradecerá quen xogue dende varios equipos.

Ineo

Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación

www.ineo.org

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

Plan Banda Larga 2010-2013

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia